
TRABALLO
XORNALÍSTICO
NA
UNIVERSIDADE
DE VIGO:
PAUTAS PARA
UN CORRECTO
USO DA
LINGUAXE

Área de Normalización
Lingüística

Universidade de Vigo

PAUTAS PARA O CORRECTO USO DA LINGUA GALEGA

LINGUA E ORTOGRAFÍA	4
1. AS MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS	4
1.1. Recomendacións xerais.....	4
1.2. O uso das maiúsculas	5
1.3. As maiúsculas en función demarcativa	5
1.4. A función connotativa das maiúsculas	6
2. USO DAS MINÚSCULAS	19
3. OS SIGNOS DE PUNTUACIÓN	23
3.1. O punto (.)	23
3.1.1. Tipos de punto e usos.....	24
3.1.2. Usos do punto con outros signos	25
3.1.3. Usos incorrectos do punto.....	26
3.2. A coma (,)	29
3.2.1. Usos da coma.....	29
3.2.2. Usos incorrectos da coma	32
3.3. O punto e coma (;)	33
3.3.1. Usos do punto e coma	33
3.4. Os dous puntos (:)	34
3.4.1. Usos dos dous puntos	34
3.4.2. Usos incorrectos dos dous puntos.....	35
3.5. Os puntos suspensivos (...)	36
3.5.1. Usos dos puntos suspensivos	36
3.6. Signos auxiliares	37
3.6.1. As comiñas (‘ ’ “ ” « »)	37
3.6.2. Usos das comiñas.....	37
3.6.3. Parénteses e corchetes (() []).....	38
3.6.4. Os signos de interrogación (¿) e de admiración (!)	41
3.6.5. O guión e a raia	44
3.6.6. As barras diagonal ou oblicua(/), inversa (\) e vertical ()	47
3.6.7. O apóstrofo (')	49
3.7. A cursiva	49
3.8. A grosa	51
3.9. As versaletas	51
3.10. As enumeracións	52
4. ERROS E DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES NO USO DA LINGUA GALEGA ...	55
4.1. Erros fonéticos e prosódicos	55
4.1.1. Vocalismo	55
4.1.2. Consonantismo	56
4.1.3. Prosodia	56
4.1.4. Erros e dúbidas nos artigos.....	57
4.1.5. Substantivos e adxectivos.....	58
4.1.6. Pronomes	59

4.1.7. Erros e dúbidas nos verbos.....	62
4.1.8. Adverbios.....	65
4.1.9. Preposición.....	65
4.1.10. Dúbidas nas conxuncións.....	67
5. PROPOSTA DE EMPREGO CORRECTO DA TOPONIMIA E ONOMÁSTICA GALEGA E FORÁNEA	68
5.1. Toponimia galega de Galicia.....	68
5.2. Toponimia dos territorios extra-autonómicos de lingua galega	69
5.3. Toponimia non galega	71
5.3.1. Toponimia do estado español	72
5.3.2. Toponimia en linguas europeas menos estendidas	73
5.4. Nomes e apelidos.....	74
6. BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA POLA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	75

anl

LINGUA E ORTOGRAFÍA

O respecto e atención ás regras e principios que rexen o uso da lingua galega é un dereito e unha obriga para todas as persoas que en Galicia temos o galego como ferramenta de traballo. Por isto, e elaborado pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, este libro de estilo e usos lingüísticos presenta tamén unha recompilación de normas tipográficas, ortográficas e morfolóxicas básicas, que deberían ser aplicadas coa debida corrección.

A Área de Normalización Lingüística ten como obxectivo a promoción e extensión e difusión de usos da lingua galega no ámbito da Universidade de Vigo, e entre as súas funcións están o asesoramento, a dinamización, a formación, así como outras actividades relacionadas cos ámbitos de uso da nosa lingua.

A pretensión da parte de Lingua e ortografía é servir de axuda a toda a comunidade universitaria de Vigo, Pontevedra e Ourense, para lles solucionarmos dúbidas lingüísticas e ortotipográficas (uso de numerais, maiúsculas e minúsculas, tratamento de préstamos lingüísticos, comiñas e cursivas, abreviaturas e acrónimos etc.); para lles recomendarmos opcións preferentes segundo as novas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* de 2003 en usos ortográficos e morfolóxicos; para os aconsellarmos sobre os empregos de topónimos galegos e foráneos, onomástica en xeral, adaptacións de estranxeirismos etc.; para os informarmos sobre moitos recursos terminolóxicos e lexicográficos existentes na rede, que son de doada consulta e moi útiles no traballo cotián de profesionais da comunicación, funcionariado, persoal investigador, profesorado, alumnado etc., así como tamén para todas as persoas que teñan interese en manexar con soltura os usos escritos correctos da lingua galega.

1. AS MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

1.1. Recomendacións xerais

O emprego ortográfico das maiúsculas e minúsculas é o menos fixado na nosa lingua. Carecemos dunha norma ditada pola Real Academia Galega, e os diferentes traballos existentes sobre o tema presentan, ás veces, diferentes solucións para a mesma cuestión.

Hoxe en día a tendencia xeral é abusar das maiúsculas, debido quizais a diferentes modas, modelos, estilos e tradicións escritas, así como a razóns subxectivas.

Neste manual queremos ofrecer unha serie de recomendacións para que todo o mundo poida empregar de forma xustificada e coherente as maiúsculas e as minúsculas.

1.2. O uso das maiúsculas

No relativo ás maiúsculas debemos lembrar que seguen as regras xerais de acentuación e que se grafan con acento ou con diérese igual que as minúsculas cando a norma así o esixa (véxanse as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego na páxina www.realacademiagallega.org).

Ánxela e Óscar van no ximnasio.
PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICA APLICADA

Os dígrafos só levan maiúscula no primeiro grafema, sexan galegos –ch, gu, qu, ll– ou importados doutras linguas –tz, tx, sh–:

Chantada, Guitiriz, Chandrexo de Queixa, Llorenç Llopis, Tristán Tzara, Koldo Txamorro, Sharon Stone

O uso das maiúsculas debe responder sempre a dous tipos de funcións: a demarcativa –determinada pola situación da palabra no texto– ou a connotativa ou distintiva –determinada pola natureza da palabra–.

1.3. As maiúsculas en función demarcativa

- a) Ao principio do texto

As obras da nova piscina universitaria comezarán o mes que vén. O orzamento para a restauración do mosteiro de Melón non é moi elevado.

- b) Despois de punto seguido e de punto á parte

Os estudantes valorarán a marcha do curso a través dun cuestionario elaborado polo profesorado. Este seralle enviado ao órgano competente da Universidade de Vigo. Ademais cumprirán unha enquisa de autoavaliación que será deseñada e facilitada pola dirección do centro.

- c) Tras os puntos suspensivos cando marcan o final dun sintagma, é dicir, cando equivalen a un punto

Na aula realizaranse debates, exposicións, lecturas... Todas estas actividades estarán dirixidas polo profesor.

d) Despois dos signos de interrogación e admiración, sempre que non vaian seguidos de coma ou dous puntos.

Aprobei a que me quedaba! Agora si que poderei viaxar a Finlandia.

Estiveches o curso pasado en Romenia? Pois non tiña nin idea.

e) Tras parénteses abertas despois dun punto

O primeiro disco de Treixadura titulouse Unha noite no muíño. (O disco saíu en 1996 e nel colaboraron as Donicelas, pandereiteiras de Salceda de Caselas.) Este traballo supuxo a irrupción no mercado do folk máis auténtico e reelaborado.

f) Despois dos dous puntos

* Cando segue unha cita textual:

Atérrame esta frase de Retorno a Tagoen Ata: «Recoñécennos a lingua. Administraremos as obras públicas e o ensino. É o final da loita.».

* No comezo das cartas existe unha tendencia de orixe anglosaxoa a substituír nestes casos os dous puntos por unha coma. Nós recomendamos sempre o uso dos dous puntos:

Benquerida directora:

Hai xa un mes que me dirixín a vostede para lle solicitar unha licenza por estudos.

* Despois de certas fórmulas propias da linguaxe administrativa e xuídica: CERTIFICO, SOLICITO, INFORMO etc.:

CERTIFICO:

Que dona Paula Lourenzo Xestido participou como colaboradora neste oficina durante o curso 2006-2007.

1.4. A función connotativa das maiúsculas

a) En nomes referidos a persoas

* Os nomes e apelidos de persoas:

María Veiga, Bieito Cortiña

Cando o nome e o apelido estean unidos por preposición e artigo, ou por un dos dous, escríbense con minúscula, agás que vaian encabezando a denominación:

*A nova directora desta escola chámase Amelia da Fonte Pais.
A profesora Da Fonte Pais é a nova directora desta escola.*

Nos apelidos introducidos por preposición de orixe francesa e italiana mantense a maiúscula da preposición:

Leonardo Da Vinci, Charles De Gaulle, Gabriele D'Anunzio

* Os sobrenomes, pseudónimos e alcumes:

*Afonso IX, o Sabio
Xosé Lois, o Carrabuxo*

Os artigos ou preposicións que acompañan o alcume escríbense en minúscula:

*Meu irmán fai do Papaxoubas na obra de teatro da escola.
Eladio Vilarchao é o Milhomes n' A Esmorga de Eduardo Blanco Amor.*

* Os hipocorísticos:

Quique, Tinso, Fuco, Xocas

É moi frecuente utilizar nomes propios como comúns coa finalidade de atribuírlles a un obxecto ou persoa as cualidades do personaxe:

*Este alumno está feito un adonis.
O decano mercoulle un picasso á xerente.*

b) Os nomes de familias, dinastías e linaxes

os Austrias, a dinastía Ming, os Andrade

Estes escríbense con minúscula cando se usan como adxectivos:

*Os reis borbóns seguen presentes en España.
O vicerreitor ten unha colección de xarróns ming.*

c) As formas protocolarias e de respecto

* As formas protocolarias e de respecto, tanto na súa forma plena coma na abreviada, escríbense en maiúscula. O mesmo acontece coas que non son galegas:

*Ilustre Señor, Sir John Moore, Monsieur Dupont, Sr., Ilma. Sra., Sra.
Excma. e Magfa.*

* Os cargos oficiais só se escribirán en maiúscula cando van precedidos de formas protocolarias ou de respecto:

O Excelentísimo e Magnífico Reitor da Universidade de Vigo inauguraré o recinto.

O Honorable Señor Presidente abrirá a sesión de investidura.

d) Os nomes de animais, obxectos personalizados

* Os nomes propios de animais. Se o nome común forma parte do nome propio este tamén se escribe en maiúsculas:

Regaláronlle un cadelo e púxolle Crevis de nome.

A Roxa é a vaca que nos dá máis leite.

O Gato con Botas é moi listo.

* Os nomes de obxectos personalizados ou singularizados:

Berenguela, Santo Grial, Excalibur, Olifante

e) As combinacións binarias propias da zooloxía e botánica. Nestas formas compostas polo nome do xénero seguido do da especie, ambos termos latinos ou latinizados, é o primeiro termo o que se escribe con maiúscula:

Upupa epops (bubela), Quercus suberaria (sobreira), Solea vulgaris (linguado), Cervus elaphus (veado)

Escribiranse en minúscula os nomes das especies, xéneros, familias, ordes, clases, tipos e reinos, así como os seus subgrupos:

mamíferos, vertebrados, fungos, talófitos

f) Entidades, institucións, organismos, empresas, marcas, modelos, denominacións controladas e denominacións de orixe

* Nomes de entidades públicas e privadas, así como tamén os nomes de partidos, organizacións políticas, sindicatos e asociacións:

Amigos da Cultura, Oficina de Relacións Internacionais (ORI), Concello de Moaña, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Omnium Cultural, Servizo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, Asociación Abertal del Eo-Navia, Sección de Títulos e Xestión Académica, Consello de Goberno da Universidade de Vigo, Confederación Intersindical Galega, Xunta da Facultade de Filoloxía e Tradución, Consello de Departamento de Historia da Arte, Biblioteca Xeral da Universidade de Vigo, Fronte Popular Galega, Xulgado de Primeira Instancia de Caldas de Reis, Departamento de Dereito Privado, Área de Enxeñaría Electrónica, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense, Consellaría de Vivenda, Real Academia Galega

* Nomes de entidades (xurídico-política, xurídico-pública, relixiosa etc.) ou de colectividade que designan o organismo deben ir en maiúscula. Se van acompañados de adxectivos estes van en minúscula cando non corresponden coa denominación oficial:

Parlamento de Galicia, Diocese de Santiago

O Parlamento galego, a Igrexa católica, a Administración galega, o Estado español, a República portuguesa

Hai que ter en conta que en moitos casos pode coincidir o nome do órgano co cargo da persoa que o ocupa. A diferenza entre ambos, ademais de polo contexto, estará marcada polo uso da maiúscula para o órgano e da minúscula para o cargo.

O Valedor do cidadán é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os veciños e veciñas do Concello de Vigo.

O valedor do cidadán, Luís Espada Recarei, denunciou onte o alto índice de contaminación acústica que padece o centro da cidade.

* Os nomes dos corpos e de seguridade, así como do exército:
a Garda Civil, o Exército do Aire, Corpo de Infantaría, a Policía Local

Estas denominacións escríbense en minúscula cando pasan a designar os seus membros:

Paroume un garda civil cando viña da Coruña.

Meu curmá quere ser policía local de maior.

* As denominacións das empresas, marcas comerciais e establecementos comerciais levan sempre maiúscula en todos os elementos (substantivos e adxectivos) que conforman o nome comercial, mercantil ou industrial:

Citroën, Eroski, Inditex, Fenosa, Pescanova, Adegas das Eiras

Se o nome xenérico forma parte do nome oficial escríbese con maiúscula, senón irá con minúscula:

O mesón que busco no Carballiño chámase Mesón do Xamón.

O restaurante Casa Solla está en San Salvador de Poio.

A librería Andel traballa moi ben o libro galego e portugués, igual cá librería Torga.

Existen casos en que o nome da marca se lexicalizou de tal xeito que pasa a designar todos os obxectos que teñen as mesmas características. Nestes casos en que se perde a referencia á marca escríbese minúscula:

*Non puiden coller o coche de volta porque me fixo mal un martini que tomei.
O xerente sempre anda en land-rover polo campus.*

* Os nomes dos modelos de automóbiles, avións e barcos, as denominacións controladas e as denominacións de orixe:

Larsa, Fontecelta, Edicións Positivas, Lada, O Rei Centolo, Arousa III, Turgalicia, Rías Baixas, Pataca de Galicia, Queixo do Cebreiro, Queixo Arzúa-Ulloa

Nalgúns casos estes nomes propios convértense en comúns polo que se deberán escribir en minúscula:

*Meu pai sempre toma un ribeiro no bar da praza.
Este viño é da denominación de orixe do Ribeiro.*

g) Actividades educativas, científicas e sociais

* Nas materias académicas escríbese en maiúscula o primeiro elemento da denominación:

Historia da lingua francesa, Química inorgánica, Redes e servizos telemáticos, Dereito romano, Anatomía patolóxica

* As áreas científicas escríbense con inicial maiúscula en todos os seus elementos:

Área de Teoría do Sinal e da Comunicación, Área de Matemática Aplicada, Área de Filoloxía Latina, Área de Teoría e Crítica Literaria

Cando se refire á área científica de xeito xenérico vai en minúscula:

*Gústalle moito as matemáticas.
Dáselle ben a historia pero ten pouca base.*

* Os títulos académicos escríbense con inicial maiúscula en todos os elementos, así como os dos másters, programas de doutoramento etc.:

Enxeñaría Técnica Industrial, Diplomatura en Fisioterapia, Arquitectura, Licenciatura en Filoloxía Eslava, Máster en Recursos

Os nomes xenéricos que indican o grao académico van en minúscula:

*Xa é licenciado en Bioloxía, estudou a Licenciatura en Bioloxía.
É doutora en Historia Antiga pero antes era licenciada en Psicopedagogía.*

* Nos simposios, congresos, xornadas e cumes de tipo político e social escríbense con inicial maiúscula todos os substantivos e adxectivos das denominacións que corresponden a actividades oficialmente instituídas ou cunha individualidade clara na vida social:

I Xeiras de Lingua e Publicidade, Simposio Luso-Galaico de Cardioloxía, III Xornadas Galegas de Adestramento Canino, II Escola de Formación Permanente Fermín Penzol

Se as denominacións corresponden a categorías xenéricas escríbense en minúscula:

*Impartiu unha conferencia nun congreso de uroloxía.
As vindeiras xornadas sobre prevención de incendios terán lugar en Ribadeo.*

As denominacións de cursos, cursos de especialización e seminarios escríbense con maiúscula só no primeiro elemento e con minúscula o resto de elementos:

Seminario de capacitación agropecuaria, Curso de linguaxe administrativa

* As comunicacións, relatorios e discursos escríbese con maiúscula inicial no primeiro elemento:

*Ramón Lousada deu a lección inaugural do curso coa lectura do texto titulado «Ética e estética nas televisións públicas».
«Pecados e virtudes dos medios de comunicación locais de Vigo» foi o título da comunicación que o profesor Xurxo Fandiño presentou nas IV Xornadas sobre Medios e Cidade que organizou o Colexio de Xornalistas de Vigo.*

h) Campionatos, certames, premios, distincións, feiras, festivais

Escríbense con maiúscula inicial todos os substantivos e adxectivos destas denominacións:

III Premio Olegario Sotelo Blanco de Antropoloxía Popular, Premio Nobel de Medicina, Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, XXVI Trofeo Emma Cuervo, Volta Ciclista ao Baixo Miño, II Concurso de Monólogos Monolingües, IV Certame de Poesía, Tradución e Relatos Curtos da Universidade de Vigo, Liga Universitaria de Balonmán Feminino, Feira do Libro Antigo e de Ocasión de Vigo, Festival de Monicreques de Redondela

i) Títulos de obras de creación, artigos, publicacións periódicas e programas audiovisuais

* As obras científicas, literarias pictóricas, escultóricas, musicais, cinematográficas etc. só grafarán con maiúscula a letra inicial. Respetaranse os casos en que o autor optase por outra solución:

Xente aquí e acolá, Tratado de veterinaria equina, A pintura da igrexa románica de Santo Estevo de Troáns, Dicionario galego-ínglés-galego de economía, Foise co vento, O galo moribundo, Soños de primavera, A man dos paños, O son do ar

Nos casos en que o título do libro comprende o seu contido escríbense tamén os adxectivos en maiúscula:

Cantigas de Amigo, Cancioneiro Xeral

Se o título dunha obra comeza por un artigo e vai precedido dunha preposición de ou en, existen dúas solucións á hora de escribilo: non realizar a contracción ou utilizar o apóstrofo:

*Cando o vin ferido lembrei a escultura d'O galo moribundo.
Cando o vin ferido lembrei a escultura de O galo moribundo.
Era un verso que se repetía n'A lliada de Homero.
Era un verso que se repetía en A lliada de Homero.*

* Os títulos de publicacións periódicas (revistas, xornais, coleccións etc.) levan maiúscula inicial, ademais de nos substantivos e adxectivos que os compoñen:

Revista Galega de Administración Pública, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Galicia Hoxe, Anuario de Estudos Arqueolóxicos, A Nosa Terra, Galicia Emigrante.

As seccións destas publicacións tamén se escriben con inicial maiúscula:

Apareceu un artigo moi interesante na sección de Economía de La Voz de Galicia.

O mesmo criterio seguen as denominacións de coleccións de libros, manuais e obras similares que manteñen a maiúscula inicial nos nomes e adxectivos que as compoñen:

*Manuais e Formularios Administrativos, Fóra de Xogo, colección
Materiais Lingüísticos do Servizo de Publicacións da Universidade
de Vigo*

Cando a palabra colección forme parte do nome esta tamén levará inicial en maiúscula:

Colección Dombate

* Os documentos con título propio grafan con maiúscula a súa letra inicial:

*Comezamos a elaborar o Programa de organización docente.
O Concello está a revisar o Proxecto de reordenación do tráfico.
Séguese a incumprir o Plan xeral de normalización da lingua
galega.*

Cando estes documentos contan cun nome específico este escribirase en maiúsculas:

Programa Maiores, Proxecto Suma, Programa Erasmus

* Os programas de radio e televisión levan inicial maiúscula.
Mareas vivas, Cifras e letras, O tren do serán

* Os títulos dos documentos oficiais, leis, decretos, ordes, disposicións, resolucións, regulamentos etc. só levan maiúscula na primeira palabra que designa a clase de documento. Se forman parte do título nomes propios estes tamén irán en maiúscula:

*Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do
procedemento administrativo común, Regulamento de terceiro
ciclo, Real decreto de adecuación das normas reguladoras dos
procedementos de xestión de persoal, Decreto 239/1997, do 10
de setembro, Resolución reitoral do 15 de febreiro de 2004,
Estatutos da Universidade de Vigo, Lei de normalización lingüística,
Orde do 6 de setembro de 2006, Orde que regula o uso das
linguas oficiais*

Existen un grupo de documentos oficiais en que se perdeu a súa concepción como leis, decretos, ordes, disposicións, resolucións, regulamentos etc., e que adquiriron certa identidade de xeito que á hora de citalos non se fai referencia ao tipo de documento ao que pertencen. Nestes casos escribiranse con maiúscula todos os seus elementos:

*Código Civil, Constitución Española, Código Penal, Declaración
Universal dos Dereitos Humanos, Estatuto de Autonomía de Galicia*

Escríbense en minúscula cando son designacións xenéricas de clases de documentos ou de tramitacións e cando van precedidas dalgún referente:

*A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.
O Goberno está a tratar un proxecto de lei para erradicar a violencia de xénero.
As facultades deberán revisar cadanseus regulamentos de réxime interno.
O descoñecemento da lei non exime do seu cumprimento.*

Sempre con minúscula irán as partes xenéricas das obras e dos documentos legais (artigo, capítulo, título, sección, apartado, disposición adicional, disposición transitoria, preámbulo, apéndice, anexo etc.):

*O artigo 1.º da Lei de normalización lingüística di que o galego é a lingua propia de Galicia.
A disposición final do Regulamento de estudos de posgrao di: «O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno...».
No preámbulo da Declaración universal de dereitos lingüísticos descríbese unha situación pesimista para as linguas minorizadas.*

l) Nomes de lugar, toponimia urbana

* Topónimos referidos a circunscricións xeográficas e administrativas (estados, nacións, continentes, comunidades autónomas, provincias, comarcas, concellos, parroquias, cidades, vilas, aldeas, lugares etc.). Nalgúns deles o artigo forma parte do topónimo polo que deberá ir en maiúscula e sempre contrae coas preposicións *en* e *de*.

A Arousa, Coruxo, A Terra Cha, Xinzo de Limia, Vilanova da Arousa, O Grove, A Caniza, Badallouce, Xirona, O Rosal, Xixón, Eilao, Moscova, A Veiga, Xapón, Acerbaixán, Vilamartín de Valdeorras, Exipto, A Rioxa, Bos Aires, Maceda de Trives

Veño do Rosal e vou falar cunha persoa que vive na Veiga.

A denominación xenérica que acompaña ou describe o nome dunha demarcación ou dunha división territorial debe ir sempre con minúscula, agás que forme parte do nome:

cidade de Pontevedra, provincia de Ourense, diocese de Tui-Vigo, concello de Tomiño, parroquia de Mouriscados, comarca do Condado, campus das Lagoas, vila de Allariz

Cidade do Cabo, Vila de Cruces, Terra de Miranda

* Os topónimos que designan accidentes xeográficos: penínsulas, illas, cabos, golfos, istmos, montes, picos, serras, ecosistemas cordais, nomes de ríos, lagos, mares, océanos etc., pero escríbense con minúscula os nomes xenéricos:

ría de Ribadeo, mar Mediterráneo, océano Atlántico, mar de Azov, lago Aral, estreito de Xibraltar, illa de Tambo, cabo Home, golfo de Rosas, península do Morrazo, delta do Ebro, illas Maldivas, cabo Silleiro, canal de Panamá, cataratas de Iguazú, dunas das Cíes, praia da Barra, serra do Suído, encoro de Castrelo de Miño, lagoa de Antela, punta Cabalo, ferverza do Toxa

Reparemos en que debemos escribir con minúscula: *illas británicas, illas polinesias, península ibérica, península itálica, lagos finlandeses*, xa que se trata de nomes comúns (cualificativos ou xentilicios) que non corresponden a ningún topónimo. Pola contra escribiremos o segundo elemento con maiúscula en: *illas Cíes, illas Canarias* etc., porque este segundo elemento é un nome propio e non un cualificativo nin un xentilicio (*illas Canarias pero praias canarias*).

Hai algúns casos concretos en que o nome xenérico que acompaña o nome propio do lugar forma parte do topónimo, son formas establecidas de nomes de lugares históricos, xeopolíticos ou xeoturísticos e nestes casos estes tamén deberá ir en maiúscula:

Cidade de México, Selva Negra, Costa Azul, Oriente Medio, Costa Dourada, Serra de Outes, As Pontes de García Rodríguez, Vila de Cruces, Terra Santa, Novo Mundo

Un caso especial é o de *Mar Morto* e *Mar Roxo* en que o xenérico vai en maiúscula porque o nome propio é tamén un substantivo común e isto pode levar a confusión. Non ocorre isto con *mar Cantábrico* en que este último só pode ser nome propio.

* O nome propio de rúas, prazas, vías, avenidas, barrios etc. débese escribir con maiúscula, mais non a denominación que o precede:

praza do Teucro, praza de Portugal, avenida de Beiramar, paseo de Odriozola, rúa Ervedelo, barrio de Monteporreiro, parroquia de Saiáns, ronda da Muralla

Escríbese tamén en minúscula a abreviatura da designación xenérica:
avda. de Beiramar, r/ Ervedelo.

m) Referencias xeográficas, cosmónimos e termos atmosféricos

* Os puntos cardinais cando forman parte dun topónimo político ou aparecen abreviados, cando forman parte dun topónimo físico escríbense en minúscula:

Corea do Norte, América do Sur, Berlín Oeste

Europa do Leste como concepto político, económico ou histórico e *Europa do leste* como concepto xeográfico, que equivale a dicir o leste de Europa.

* Os nomes e adxectivos das constelacións, galaxias, nebulosas, estrelas, planeta, satélites e cometas:

Osa Maior, Vía Lactea, Gran Nebulosa de Orión, Estrela Polar, Sol, Mercurio, Lúa, Halley

O substantivo *Terra* escríbese con minúscula cando faga referencia á materia da que está composta o planeta:

Nesa tenda véndense produtos da terra moi bos para unha alimentación sa.

Con *Sol* e *Lúa* sucede o mesmo, escríbense en minúscula cando designan a luz que sae do astro. Ademais no caso de *Lúa* se fai referencia ás fases do astro tamén se escribirá en minúscula:

Hoxe estivo un día de sol.

Coa lúa chea suceden moitas cousas que non teñen explicación.

* Os nomes dos ciclóns, furacáns, tormentas tropicais e ventos só grafan con maiúscula o seu nome propio e non o xenérico:

O furacán Hortensia causou moitos danos na nosa comunidade.

A poboación cubana está preocupada pola tormenta tropical Dalila.

n) Nomes propios de edificios e establecementos singulares

* Os nomes propios de edificios, establecementos e locais comerciais. O nome xenérico irá en minúscula agás cando forma parte da denominación oficial destes:

Ingresárono por urxencias no hospital Xeral de Vigo.

Está hospitalizado no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

A tese vaise defender no salón de graos da Facultade de Ciencias Económicas.

Está ingresada na Clínica Fátima porque a van operar de apendicite.

Convidárona a dar unha charla no Instituto de Educación Secundaria San Tomé de Freixeiro.

* Monumentos, obras arquitectónicas ou sedes dunha institución social, política, cultura, educativa etc.:

Edificio Administrativo da Xunta, Centro Galego de Arte Contemporánea, Centro de Transfusión de Galicia, Pazo Museo Quiñones de León, Casa da Troia, Museo do Mar, Centro Social de Allariz, as Burgas, a Torre de Hércules

o) Nomes de colectivos

Escríbense con maiúscula todos os substantivos e adxectivos que forman parte dos nomes de grupos literarios e artísticos, agrupacións, clubs e equipos deportivos:

Os Morenos de Lavadores, Irmandades da Fala, Os Habitantes do Lago, Centro Dramático Galego, Banda de Gaitas Xarabal, Siniestro Total, Berrogüeto, Ollomol Tranvía, Real Club Celta de Vigo, Os Diplomáticos de Monte Alto, Os Resentidos, Talía Teatro, Banda de Música Unión de Guláns, Xeración Nós

p) Nomes de festividades e termos históricos e artísticos

* As festividades civís, políticas ou populares escríbense con maiúscula inicial todos os substantivos e adxectivos:

Día das Letras Galegas, Primeiro de Maio, Romaría dos Milagres, Día Mundial da Árbore, Día Europeo da Auga, Día contra a Violencia de Xénero, Ano Europeo das Linguas, Día da Reconquista, Festa da Lamprea

* As etapas e acontecementos históricos:

os Séculos Escuros, a Baixa Idade Media, a Idade Moderna, a Ditadura, o Rexurdimento

* Os movementos históricos singulares grafan con maiúscula inicial todos os substantivos e adxectivos:

Marcha Verde, Revolución dos Irmandiños, Revolución Francesa, Revolución dos Caraveis, Revolución Cubana, Contrarreforma, Maio do 68, Fusilamentos de Carral, Desembarco de Normandía, Concilio Vaticano II, Primavera de Praga

No caso de apareceren os substantivos: *guerra, batalla, cruzada* etc., escribíranse en minúscula por tratarse de nomes xenéricos:

guerra dos Seis Días, guerra dos Trinta Anos, guerra dos Balcáns, guerra das Malvinas, batalla de Estalingrado, batalla das

Ardenas, batalla do Ebro

Cando o substantivo vai acompañado dun ou máis adxectivos vai todo en minúscula:

guerra civil española, segunda guerra mundial, primeira guerra irmandiña, guerras púnicas, primeira cruzada, guerras cántabras

q) Substantivos de carácter relixioso

* Os teónimos cando se refiren ao ser sobrenatural creador do universo:

Deus, Divindade, Xehová, Alá, o Creador, o Mesías

* As festas relixiosas:

Nadal, Ascensión, Epifanía, Semana Santa

Non se escriben en maiúscula os períodos relixiosos, así como as festividadeas non relixiosas ou de carácter pagán:

advento, coresma, ramadán, entroido, bacanaís

* Os nomes de deuses e personaxes mitolóxicos

Deus, Alá, Apolo, Venus

* Os nomes das ordes e congregacións van en maiúscula, mais irán en minúscula se se trata dos substantivos ou adxectivos correspondentes ao nome da orde:

Lin algo sobre a Orde do Temple, pero gústame máis o que lin sobre o Císter.

Nunca entenderei ben o misterio dos templarios.

* Os nomes dos libros relixiosos:

a Paixón, o Éxodo, a Crucifixión, a Apocalipse

Cando estas denominacións se utilizan en sentido xenérico van en minúscula:

O éxodo de Exipto foi moi duro para todos os xudeos.

Sempre nos chamou a atención a paixón sufrida por Cristo.

2. USO DAS MINÚSCULAS

a) En profesións, cargos oficiais, títulos nobiliarios e dignidades eclesiásticas

* As profesións van sempre en minúscula:

*Carme Araúxo Comesaña é a nova xefa de contabilidade.
Xián Estévez Miguez gañou unha praza de profesor asociado na Escola de Enxeñaría.
A miña médica de cabeceira chámase Rosa Afonso Davila.
Helena vainos convidar a unha cea porque xa é arquitecta.*

* Os cargos oficiais van en minúscula, tanto se trata dunha designación xenérica como se acompañan o nome propio da persoa que o desempeña:

*Demitiu antonte o vicerreitor de Profesorado.
O alcalde está esperanzado pola visita do vicepresidente da Xunta.
A secretaria xeral de Política Lingüística anunciou unha nova campaña para o 2008.
A vicedecana de Relacións Internacionais está de baixa.*

O único caso en que pode ir en maiúscula é cando acompañan o cargo formas protocolarias ou de respecto, tanto na súa forma plena como abreviadas:

O Excelentísimo Señor Reitor desta universidade inaugurará a mencionada exposición.

* Os títulos nobiliarios seguen o mesmo comportamento que os anteriores, van en minúscula independentemente de se son persoas concretas ou designacións xenéricas:

*O noso rei Afonso VIII aparece ás veces citado erroneamente como Alfonso IX.
A tsarina faláballes en francés aos fillos, pero co tsar empregaba o ruso.
Os duques de Lugo van aprender a falar galego.
O rei de España é mellor cazador ca regatista.*

* As dignidades eclesiásticas e os tratamentos concedidos aos relixiosos:

*A monxa que me daba clase de ximnasia chamábase sor Rita.
O papa Bieito XVI quere que todos os cregos falen ben o latín.*

*Os cardeais son os únicos que elixen o papa.
O beato Sebastián de Aparicio naceu na Gudiña.*

A excepción dáse nos contados casos en que o tratamento pasou a formar parte do nome propio, nos cales debemos utilizar a maiúscula:

En Vilafranca do Bierzo naceu o Padre Sarmiento, un dos maiores defensores da nosa lingua.

Cando non aparece expreso o nome propio da persoa que desempeña o cargo, mais é facilmente identificable polo contexto ou pola súa importancia ou singularidade, poden ir en maiúscula:

*O Rei volveu das súas vacacións en Mallorca.
O Papa visitou en Baviera a súa vila natal.*

b) Formas de tratamento

Os tratamentos de respecto deben ir con minúscula na súa forma plena:

*Bos días, don Xabier, como lle vai?
Esta é a señora Estrela, é a secretaria do decano.
A vostede xa lle dixen iso moitas veces.*

Pero, cando van abreviados, deben ir en maiúscula:

*O Sr. Ameixeiras presidiu a mesa inaugural do congreso.
D. Alberte Gago é o reitor da Universidade de Vigo.
A Vde. xa lle dixen iso moitas veces.*

Escribírase en maiúscula tanto as formas de tratamento como os cargos aos que acompañan cando estes se empreguen no encabezamento ou no pé dos escritos:

Á atención do Sr. Director do Departamento de Psicoloxía.

* Entidades sen existencia legal

Estas grafáranse sempre en minúscula:

*A delegación de alumnado organizou un ciclo de cinema brasileiro e arxentino.
A xente da parroquia vaise organizar nun comité de afectados polas riadas.*

* Designacións oficiais con referente ou sinónimo

A) Se o nome do órgano oficial vai acompañado dun referente (unidade que nos remite a unha denominación representada con

maiúscula) ou se no seu lugar aparece un sinónimo teremos que usar minúscula:

a corporación municipal, o goberno galego, o organismo devandito, este departamento, aquel comité de empresa, a nosa universidade

En galego o pronome indefinido *mesmo* nunca pode desempeñar a función de referente ao igual que *dito*. Así son incorrectas as expresións:

**A dita xunta aprobou os orzamentos anuais.*

Esta xunta aprobou os orzamenteos anuais.

**O Consello de Goberno elixe o presidente. O secretario e os vicedecanos son escollidos tamén polo mesmo consello.*

O Consello de Goberno elixe o presidente. O secretario e os vicedecanos son escollidos tamén por este consello.

B) Os nomes de entidades, institucións ou organismos concretos usados con valor xenérico ou en plural escríbense en minúscula:

Hai varias comisións delegadas do Consello de Goberno.

Vaise presentar ás probas para acceder á universidade.

Non adoita ir á igrexa nin aos domingos.

A maioría das consellarías incumpre a galeguización da administración nos usos orais.

* Actividades educativas, científicas e sociais

A) Os ciclos educativos e etapas formativas, así como os diferentes tipos de estudos:

educación infantil, educación primaria, graduado en ESO, formación profesional, bacharelato unificado polivalente, educación secundaria obrigatoria, educación superior, doutoramento, mestrado, licenciatura, diplomatura

B) As partes dunha obra ou publicación, as seccións e artigos de publicacións periódicas escríbese con minúscula a palabra xenerica que as designa (introdución, limiar, índice, apéndice, título, capítulo, artigo, bibliografía):

No índice aparecen ben especificados os capítulos deste ensaio. As intervencións con respecto aos plans de estudos aparecen recollidas no anexo 5.

Pero de designarse estas mediante un nome específico este escribirase con maiúscula:

*Todos os xornais teñen unha sección de Cartas ao director.
Lino na sección de Cultura de Vieiros.*

* Documentos acreditativos e identificativos

Os carnés e outros documentos acreditativos escríbense con minúscula:

carné de manipulador de alimentos, número de identificación fiscal, documento nacional de identidade, pasaporte, tarxeta sanitaria, licenza de pesca, carné de conducir, código de identificación fiscal

* Xentilicios, etnónimos e linguas

galego/galega, limiao/limiá, santiseiro/santiseira, ourensán/ourensá, bretón/bretoa, noiés/noiesa, celta, suevo/a, chinés/chinesa, compostelán/compostelá, naviego/naviega, xabrés/xabresa, mongol/mongola, polinesio/polinesia, maia, europeo/europea anglosaxón/anglosaxoa, frisón/frisoa

* Divisións temporais, festividadeas, movementos artísticos e períodos históricos

A) A designación dos días da semana, dos meses e das estacións do ano escríbese sempre con minúscula:

*luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo
xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro,
outubro, novembro, decembro
primavera, verán, outono, inverno*

B) As festividadeas de carácter pagá e non relixioso, así como os períodos relixiosos:

entroido, bacanaís, advento, coresma

C) Gráfanse sempre con minúscula os nomes de correntes políticas, artísticas e culturais:

románico, gótico, marxismo, comunismo

D) As eras e os períodos xeolóxicos e históricos tamén se escriben con minúscula ao contrario que as etapas históricas:

neolítico, paleolítico, idade de pedra

* Referencias xeográficas

A) Os nomes xenéricos das coordenadas xeográficas de lonxitude e latitude

latitude oeste, lonxitude sudoeste

B) Os puntos cardinais e outro tipo de referencias xeográficas:

leste de Europa, norte do Morrazo, sur de Hungría, meridional, setentrional, occidental, oriental

Lembremos que cando algún destes termos se usa en sentido político acompañando a un topónimo este debe ir en maiúscula:

*A Europa do Leste medra economicamente cada ano.
Existen grandes conflitos no Oriente Próximo.*

C) As designacións dos círculos imaxinarios, tanto terrestres como celestes, os nomes dos paralelos, meridianos, hemisferios e círculos polares:

ecuador, elíptica, trópico, hemisferio norte, círculo polar Ártico

Nos casos en que os xenéricos vaian acompañados de nomes propios, como por exemplo topónimos deberán ir en maiúscula:

trópico de Cáncer, círculo polar Ártico

3. OS SIGNOS DE PUNTUACIÓN

Os signos de puntuación son os elementos encargados de indicar as pausas e o sentido do discurso. A súa función é estruturar o texto establecendo xerarquías entre os compoñentes sintácticos. É necesario coñecerlos e sabelos empregar, pois do seu uso correcto depende o significado da mensaxe que queremos transmitir.

3.1. O punto (.)

O punto é o signo gráfico utilizado para indicar a pausa final dun enunciado con autonomía sintáctica e semántica. O punto vai sempre unido á palabra anterior, sen ningún espazo coa forma que o precede, pero cun espazo a continuación.

Despois de punto, a primeira letra da palabra seguinte debe escribirse con maiúscula, excepto no caso das abreviaturas se non remata a cláusula ou a oración con estas.

Existen moitos motivos polos que realizar unha carreira universitaria: ampliar a formación, obter un título, prolongar a entrada no mercado laboral etc. e todos eles son igual de válidos. Para obter máis información sobre este asunto, v. páxina 348.

O filósofo grego Sócrates naceu no ano 470 a. de C. e, a pesar de considerarse na actualidade unha figura fundamental para a filosofía occidental, non deixou ningunha obra escrita.

3.1.1. Tipos de punto e usos

Existen tres tipos de puntos: o punto e seguido, o punto e á parte e o punto final. A continuación analizaremos cada un deles.

O punto e seguido utilízase para, dentro dun mesmo parágrafo, dividir oracións que non teñen relación sintáctica ningunha mais si nexo temático.

Existirá unha comisión paritaria de relacións. Esta comisión estará integrada por un membro de cada entidade e nela figurarán os titores de prácticas. A misión da Comisión Paritaria será avaliar o progreso formativo dos alumnos e resolver as cuestións que xurdan.

Non se usará o punto entre dúas frases dunha mesma cláusula cando a segunda vai introducida por conxunción, nin antes dun relativo:

**Esta prohibido fumar neste local. Pero pode facerse no exterior.
*As persoas solicitantes asinarán un escrito. Que será presentado xunto co modelo de instancia debidamente cuberto.
Está prohibido fumar neste local, pero pode facerse no exterior.
As persoas solicitantes asinarán un escrito que será presentado xunto co modelo de instancia debidamente cuberto.*

O punto e á parte ten como función separar parágrafos con ideas ou contidos diferentes. Para comezar un novo parágrafo non sempre se ten que dar unha ruptura temática, pois ás veces é suficiente con que exista unha nova orientación no tratamento da idea, contido ou tema anteriores.

O Consello de Departamento reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez cada trimestre, ou con carácter extraordinario por iniciativa do director.

A convocatoria das reunións do Consello de Departamento será persoal e nela figurará o lugar, día e horas e a orde do día. A documentación correspondente estará dispoñible na Secretaría.

O punto final úsase para cerrar un texto, ou unha parte deste, como o capítulo, sección, anexo etc.

O presente regulamento entrará en vigor no momento da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

3.1.2. Usos do punto con outros signos

a) Con outros signos de puntuación

O punto pode empregarse cos signos de puntuación auxiliares: parénteses, corchetes, raia, comiñas etc. e igual ca no caso doutros elementos non se deixa espazo antes.

Deberán superar unha oposición as persoas que queiran desenvolver a súa actividade profesional no ámbito das administracións públicas (europea, estatal, autonómica, local, universitaria etc.).

Temos que destacar o caso especial do uso do punto coas comiñas cando se trata de citas textuais: se esta comeza no medio da frase, o punto irá despois das comiñas.

Esta investigadora afirma que «as necesidades pretenden ser un concepto obxectivo e que estas son salvables mediante accións de formación».

No caso de que a cita inicie a oración ou parágrafo, o punto pertencente á cita gráfase, en cambio, antes das comiñas.

«O Departamento, ou os seus profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas, ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.» Isto é o que recolle o Regulamento da nosa escola.

Se se trata dunha cita que inicia pero non remata a oración, non se reproduce o punto, malia que este exista no texto orixinal.

«Os novos xacementos de emprego promovidos pola Unión Europea e a tendencia á subcontratación de servizos por parte das administracións autonómicas provocan un novo abano de posibilidades para os titulados nesta diplomatura», tal e como figura no folleto informativo.

b) Tras as abreviaturas

Úsase o punto tras as abreviaturas e as iniciais de nomes e apelidos.

Dra., Excmo., ffno.
Á. Cunqueiro (Álvaro Cunqueiro)

Se a abreviatura se compón de letra voada, o punto sitúase sempre antes desta.

M.^a Xesús Nogueira
n.^o
N.^a S.^a
1.^o

c) Con cifras

A) Póde empregarse con cifras de máis de catro díxitos para facilitar a súa lectura. Non obstante, recoméndase utilizar un espazo e dividilas de tres en tres.

15.647.258, aínda que mellor 15 647 258

B) Úsase para separar as horas dos minutos e dos segundos. Non recomendamos o uso dos dous puntos neste caso, pois trátase dunha extensión dos reloxos dixitais que debe evitarse.

O expreso de Ponferrada chega ás 11.35 h. (e non ás 11:35 h.)

C) O punto a media altura utilízase para expresar unha multiplicación. Ademais, tamén se pode usar a letra xe e incluso, no caso de letras, non usar signo ningún.

2·8=16 / 6x5=30 / ab=c

3.1.3. Usos incorrectos do punto

a) Non se escribe punto tras os signos de interrogación e exclamación, aínda que estean situados na fin dun parágrafo, posto que estes signos xa inclúen o punto.

**Tróuxoche os documentos o secretario?
Solicitoulle a fotocopia compulsada do título?
Por fin temos novo director!*

b) Tampouco se debe usar tras outros signos de puntuación, como os puntos suspensivos, os dous puntos, a coma e o punto e coma.

*O reitor informouno das decisións que se tomaron no Consello de
Goberno: aprobación da acta, elección de novos membros,
elaboración dos orzamentos...*

c) Tras o punto da abreviatura, cando esta vaia situada na fin dunha oración, non debe repetirse, pois ambos os puntos conflúen nun só.

*Revisáronse as contas, os nomeamentos, os convenios, os
regulamentos etc.*

d) Cos símbolos, siglas e acrónimos é incorrecto utilizar o punto.

*O campus das Lagoas está a uns 15 km ao E do centro da
cidade.
A ANL está ao servizo da comunidade universitaria.
Que che parecen os criterios da ACSUG?
A Unesco é unha organización que actúa en todo o mundo.*

e) Non se utiliza o punto despois do título e o subtítulo dunha obra (literaria, ensaística, musical, artística etc.), cando aparece citado de forma independente e non dentro dun texto máis amplo:

*No libro Manual de linguaxe administrativa recóllese unha serie de
cuestións que sempre debe ter presente o persoal administrativo á
hora de redactar os seus textos.*

f) Tampouco se emprega o punto tras o titular, o antetítulo e o pé de foto dunha noticia de xornal, dado que estes se individualizan xa mediante outros recursos tipográficos (tipo de letra, sangrías etc.).

*Forte oposición ao parque eólico da Serra da Groba
O Rápido de Bouzas ficha un dianteiro lituano*

g) Deben escribirse sen punto final os títulos de cadros, táboas, gráficos e figuras, así como os textos neles inseridos.

h) Non se emprega o punto tras os datos que aparecen en liñas independentes nas tarxetas de visita, cabeceiras e sinaturas de cartas ou outros documentos etc.

*Eladio Mazaira Nóvoa
Rúa do Forno, n.º 2, 4.º dta.
Larouco*

Pontevedra, 29 de abril de 2007

anl

a) Os anos escríbense sempre sen punto e sen espazo.

O Plan de normalización lingüística de 2005 foi aprobado por consenso polos tres grupos con representación parlamentaria.

d) Nos grupos de cifras compostos por catro díxitos nunca se utilizará o punto para separalos, pois non presentan problemas de lectura.

O Xandre débeme 1200 €.

e) Nunca se debe utilizar tampouco para dividir grupos de cifras nos números de documentos nin nos números de teléfono, que se escribirán sempre de tres en tres e separados por espazos en branco.

*O meu número de pasaporte é o 47589615.
* 986.815.374 / *986.81.35.74 / 986 815 374*

3.2. A coma (,)

Utilízase a coma para sinalar a pausa máis breve, que delimita segmentos máis pequenos dentro da oración. Gráfase unida ao elemento que a precede, pero déixase sempre un espazo co seguinte. Hai casos en que a súa colocación é obrigatoria, mentres que noutros o seu uso é moi subxectivo e depende do estilo do escritor.

O seu uso correcto facilita a comprensión da oración e mesmo pode axudar a desfacer ambigüidades.

*Na Universidade de Vigo, só o 20 % dos alumnos recibe bolsa.
Na Universidade de Vigo só, o 20 % dos alumnos recibe bolsa.*

3.2.1. Usos da coma

A coma emprégase nos seguintes casos:

a) Na enumeración de elementos, sempre que estes figuren en texto corrido, é dicir, sen ser en parágrafo á parte en forma de listaxe.

*Na xuntanza aprobáronse os orzamentos da biblioteca, da conserxaría, da delegación de alumnado e dos departamentos.
O director organiza o curso, informa os alumnos das bolsas que poden solicitar, xestiona a matrícula e participa como docente nunha das xornadas.*

Tal e como se pode ver nos exemplos anteriores, o último membro da enumeración vai introducido normalmente por unha conxunción

coordinante, con frecuencia e, e, polo tanto, sen coma. Non obstante, existen casos en que se debe utilizar simultaneamente a conxunción e e a coma, en especial cando o texto se pode prestar a ambigüidades.

Foi ao colexio recoller o neno, e a nena levouna ás clases de pintura.

- b) Cando se usa a conxunción copulativa *nin* máis de dúas veces, debe utilizarse tamén a coma para dividir estes sintagmas.

Nin o decano, nin o vicedecano, nin o director poden asinar eses documentos.

- c) Ante conxuncións e locucións conxuntivas adversativas (*pero, aínda que, agás que* etc.), consecutivas (*de xeito que, así que* etc.), causais (*porque, posto que, xa que, dado que* etc.), concesivas (*malia que, aínda que, mesmo que* etc.) e condicionais (*se*) debe escribirse unha coma.

As persoas interesadas deben formalizar a matrícula ata o día 12 de setembro, agás que sexan solicitantes de bolsa de estudos.

O director da escola manifestou o seu interese polas xornadas, de xeito que lles vai permitir aos alumnos asistir a todas as conferencias.

Presentouse a todos os exames na convocatoria de xuño, xa que quere marchar ao estranxeiro durante o verán.

Quería solicitar a simultaneidade de estudos, malia que era consciente da dificultade de conseguila.

Martes dirixireime ao vicedecano da miña facultade, se o decano aínda continúa doente.

- d) Gráfanse entre comas os incisos de todo tipo.

Iván Area, vicerreitor desta universidade, asistiu ao acto en representación do reitor.

O conselleiro de obras públicas, Manuel Rodríguez Benítez, visitará os campus o próximo curso académico.

Os licenciados en Física, sempre moi interesados polo seu futuro profesional, non dubidaron en asistir ao congreso.

O fillo de Ernesto, que superou todas as materias en primeira convocatoria, obtivo unha bolsa para cursar estudos en Francia.

Se o inciso se sitúa no final dunha oración rematada en punto, este substitúe a segunda coma.

Está a construír unha casa en Sarria, provincia de Lugo.

Téñase en conta que existe unha diferenza importante de significado entre a modificación explicativa e a especificativa.

Os ordenadores, adquiridos polo departamento, están na sala 23.
Os ordenadores adquiridos polo departamento están na sala 23.

Así pois, no primeiro caso indícase que os ordenadores, dos que se dá a información adicional de que foron adquiridos polo departamento, se atopan na sala 23. No segundo caso especificase que unicamente están na sala 23 os ordenadores que adquiriu o departamento.

- e) Utilízase a coma tras adverbios, locucións, conxuncións etc. e calquera outro elemento que sirva para estruturar o texto.

Normalmente, as reunións do Departamento de Historia, Arte e Xeografía realízanse na sala de xuntas.

Por unha banda, o secretario redactou a acta e, por outra, o decano solicitou a admisión da documentación a trámite.

Superou o curso. Non obstante, non lle concederon a validación dos créditos que solicitara.

- f) Antes, despois, ou antes e despois dos vocativos é obrigatoria a inserción da coma.

Martiño, debes dirixirte á administrativa deste departamento.

Debes dirixirte á administrativa deste departamento, Martiño.

Dirixete, Martiño, á administrativa deste departamento.

- g) Úsase coma cando se dá a elisión dun verbo na oración e este queda sobreentendido.

Debes entregar estes papeis na Secretaría da Facultade e o resto da documentación, [débela entregar] na Reitoría.

- h) Cando se produce un cambio da orde habitual dos elementos dunha oración, débese escribir unha coma.

Tras recibir a boa noticia, dirixiuse á casa dos seus pais.

- i) Débese usar a coma tamén nos seguintes casos:

1. Entre o lugar e a data en cartas, formularios, xornais etc.

A Caniza, 15 de outubro de 2006

Maceda de Trives, 23 de novembro de 2007

2. Entre o nome dunha rúa, avenida, praza ou calquera outra vía pública e o seu número.

*Rúa do Doutor Carracido, 19
Praza de Compostela, 2*

3. Na inversión nos índices, bibliografías e outras relacións alfabéticas.

*cursiva, uso da letra
estadística, aplicacións da
Méndez Pazos, Estrela
Ribas Comesaña, Afonso
Eiré Liñares, Alberte*

4. Entre o nome propio dunha persoa e o seu alcume, cognomento etc. é opcional.

*María Piñeiro, a Cazolas
Afonso IX o Sabio*

5. Na separación dos números decimais.

As taxas de matrícula do curso ascenden a 25,5 €.

3.2.2. Usos incorrectos da coma

Cómpre termos en conta os casos en que non se debe utilizar a coma:

- a) Entre o suxeito e o verbo das oracións, nin entre o complemento directo ou un núcleo e o seu modificador.

**As persoas interesadas, deberán formalizar a súa matrícula na Secretaría.*

As persoas interesadas deberán formalizar a súa matrícula na Secretaría.

**Os participantes no simposio recibirán, o material necesario e o diploma acreditativo.*

Os participantes no simposio recibirán o material necesario e o diploma acreditativo.

- b) A diferenza doutras linguas, non se escribe coma antes da locución pronominal etc., pois a conxunción copulativa e xa vai incluída no latinismo (*et caetera* e o resto).

As coordinadoras do curso deben revisar as preinscricións, as matrículas, os pagamentos, os certificados etc.

c) É conveniente notar que tras o encabezamento dunha carta nunca se debe usar a coma, pois trátase dun calco do inglés. En galego deben utilizarse os dous puntos.

**Prezado Daniel,
Prezado Daniel:*

d) Nos apartados de correos, leis, decretos etc., non se emprega a coma:

*apartado 7854
lei 1/1983*

e) Nas cubertas de libros omítese esta se o título se sitúa antes que o nome do autor.

*Historia da lingua francesa
escrita por Manuel Le Guernic*

3.3. O punto e coma (:)

O punto e coma indica unha pausa intermedia entre a coma e o punto. Escríbese unido ao elemento que o precede e debe deixarse un espazo co que vén a continuación, que se escribirá sempre en minúscula. O seu uso é moi subxectivo e conta con partidarios e detractores.

3.3.1. Usos do punto e coma

a) Úsase nas enumeracións para separar os membros dun período extenso, cando xa existen comas.

Á rolda de prensa asistirán Alberto Gago, reitor da Universidade de Vigo; Pedro Membiela, vicerreitor do Innovación Educativa; Laura Soliño Rodal, experta en xornalismo dixital, e todas as persoas que organizaron o acto.

b) Pode empregarse o punto e coma en oracións longas estreitamente relacionadas.

Isto sitúa a cuestión da obxectividade e a veracidade da historia nunhas coordenadas propias que teñen xerado posturas moi

variables; dende o inxenuo positivismo empirista propio do século XIX, ata o teoricismo radical do posmodernismo que nega toda substantividade ou obxecto e os textos.

- c) Ante as conxuncións e locucións adversativas (*non obstante, pero etc.*) pode utilizarse tamén o punto e coma.

Entre os quechuas de Chile, as mitocondrias, orgánulos que lles subministran enerxía ás células, son máis numerosas, maiores ou con distribución diferente; non obstante, os humanos nunca se adaptaron a vivir permanentemente a altitudes maiores dos 5000 metros.

3.4. Os dous puntos (:)

Os dous puntos sinalan unha pausa intermedia entre a coma e o punto, pero cun descenso no ton e unhas funcións diferentes das do punto e coma. Gráfanse unidos ao elemento que os precede, pero debe deixarse un espazo en branco co seguinte.

Tras os dous puntos pódese usar maiúscula ou minúscula, segundo sexa o caso. Cando o texto que segue vai na mesma liña, debe utilizarse a minúscula inicial (agás nos casos en que a primeira palabra sexa un nome propio, unha cita que comeza por maiúscula etc.); cando vai á parte, emprégase a maiúscula, sempre que non se trate de listaxes de elementos colocadas en vertical.

3.4.1. Usos dos dous puntos

- a) Un uso moi común dos dous puntos dáse nas enumeracións.

Os solicitantes de bolsa deben presentar a seguinte documentación: fotocopia do DNI, copia do resgardo de matrícula, folia de pagamento debidamente cuberta e unha declaración das axudas solicitadas.

- b) Tamén se usan os dous puntos antes das conclusións e resumos.

É evidente que a perda de alumnos nas universidades é reversible: a formación universitaria sempre será necesaria nas sociedades modernas.

- c) Utilízanse na introdución de citas textuais en estilo directo.

Álvaro Cunqueiro afirmou no seu discurso en Vigo: «Eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo».

- d) Nas fórmulas usadas no encabezamento de cartas e outros documentos, así como tras as formas FAGO CONSTAR, CERTIFICO, RESOLVE, FAI SABER, COMUNICA etc.

Benquerido Xandre:

Dna. Silvia Vázquez Estévez, presidenta da Comisión de Relacións Internacionais, FAGO CONSTAR:

- e) Os dous puntos tamén se usan para indicar a división matemática e nas escalas utilizadas nos mapas e planos.

$10:2=5$

Escala 1/25 000

3.4.2. Usos incorrectos dos dous puntos

- a) É incorrecto o uso dos dous puntos entre o verbo e o atributo e os complementos directo, indirecto e circunstancial.

**Os estudantes recibirán nas súas casas: o documento acreditativo do curso e o diploma.*

Os estudantes recibirán nas súas casas o documento acreditativo do curso e o diploma.

**Débense establecer pautas para: a preparación xeral da materia, a análise das lecturas obrigatorias; a realización de traballos; a realización das prácticas; a exposición de traballos.*

Débense establecer pautas para a preparación xeral da materia, a análise das lecturas obrigatorias; a realización de traballos; a realización das prácticas; a exposición de traballos.

**O amigo de Luís é: un neno intelixente e traballador.*

O amigo de Luís é un neno intelixente e traballador.

- b) Tampouco se deben empregar para separar as horas dos minutos.

**O avión chega ás 14:15 horas.*

O avión chega ás 14.15 horas.

3.5. Os puntos suspensivos (...)

Os puntos suspensivos son sempre tres e empréganse principalmente cando se produce unha interrupción no discurso.

3.5.1. Usos dos puntos suspensivos

O seu uso principal dáse nas enumeracións que se presentan incompletas por calquera motivo.

Sempre di que está farto de tantos albarás, pedidos, facturas...

É frecuente que, como no exemplo anterior, os puntos suspensivos se sitúen no final dunha oración. Non obstante, isto non é sempre así e, tras a interrupción dos puntos suspensivos, pode continuar a oración. Neste caso, debe utilizarse a minúscula e non a maiúscula.

Sempre di que está farto de tantos albarás, pedidos, facturas... que quere cambiar de traballo dunha vez.

Así e todo, cando os puntos suspensivos marquen o fin dunha oración e equivallan, polo tanto, a punto, o elemento situado a continuación escribírase con maiúscula.

Chegou á casa, preparou o xantar, limpou a cociña, foi ao colexio recoller os nenos, visitou a Pedro... A verdade é que é capaz de facer moitas cousas en moi pouco tempo

Os puntos suspensivos tamén expresan estados como dúbida, temor, emoción etc.

Se cadra debería repensar a miña decisión... Non sei, todo é moi complicado.

Cómpre notar que poden aparecer seguidos de coma, punto e coma e dous puntos. Os signos de interrogación e admiración gráfanse, así mesmo, despois destes. Con todo, nunca se pode escribir punto e seguido a continuación destes.

Onte Anxo dixo: «Buf, teño que resolver varios asuntos antes de marchar de viaxe..., pero, tranquila, non me vou esquecer da visita ao médico».

Queeeeeee...! Nunca tal oín.

Outro uso frecuente deste signo de puntuación aparece nos fragmentos que non se reproducen nas citas textuais. Nestes casos adoitan incluírse

dentro de corchetes. Este uso tamén é habitual cando na reprodución dun texto existe un fragmento ilexible.

«En 1998, durante a celebración do aniversario dos 800 anos da fundación da Sorbona, un grupo de ministros de Educación redactou un documento [...] en que se formulou por primeira vez o concepto de Espazo Europeo de Educación Superior.»

3.6. Signos auxiliares

3.6.1. As comiñas (‘ ’ “ ” « »)

As comiñas son un signo auxiliar que poden presentar varios aspectos. Existen as comiñas latinas (« »), as angulares (< >), as inglesas (“ ”), as simples (‘ ’) e as mecanográficas sinxelas (‘ ’) e dobres (“ ”).

Na actualidade está moi estendido o uso das comiñas inglesas, debido principalmente aos procesadores de textos utilizados con máis frecuencia, que insiren por defecto ese tipo de comiñas, pero recoméndase o uso das comiñas latinas, por seren as máis tradicionais.

3.6.2. Usos das comiñas

A función xeral das comiñas é a de destacar unha palabra, frase ou texto para indicar que se trata dunha cita textual ou que o fragmento situado entre elas designa un uso especial, sexa metalingüístico, irónico etc.

En concreto, os seus usos son os seguintes:

- a) Para reproducir citas textuais orais ou escritas utilízanse as comiñas latinas, agás que estas ocupen máis de cinco liñas e se sitúen, polo tanto, en parágrafo á parte.

Segundo a investigadora ourensá: «Os profesores intentan que os alumnos sexan capaces de recoñecer e abordar convenientemente a complexidade inherente á maioría dos problemas; en cambio, os alumnos pretenden simplificar ao máximo a resolución».

Se dentro desta cita se precisa introducir comiñas, úsanse as inglesas.

De acordo coa experta Sabela Lago: «O uso indiscriminado da forma *aparcamento* para designar “o lugar en que se aparca” debe ser corrixido por *aparcadoiro*».

- b) Úsanse tamén para encerrar palabras ou sintagmas que explican o significado doutra forma.

O substantivo *investimento* designa a «acción e o efecto de *investir*» e non debe confundirse coa forma *inversión*.

- c) As comiñas latinas tamén se utilizan na reprodución dos títulos de artigos de publicacións periódicas e de fragmentos ou partes dun libro, entre os que se inclúen os títulos de poemas.

«A arte precolombina como manifestación dunha civilización» aparece no último número da *Revista Histórica Americana*.

Para a materia de Recursos xenéticos mariños cómpre ler o capítulo primeiro «Why Employ Molecular Genetic Markers?» do libro citado na bibliografía.

«Na chegada a Ourense da primeira locomotora» é un poema composto por Curros Enríquez.

- d) Empréganse para destacar o valor irónico ou o dunha palabra ou sintagma.

Francamente, paréceme «xenial» que veñas a estas horas...

- e) As comiñas simples utilízanse para encerrar un texto que xa aparece reproducido entre comiñas inglesas e, polo tanto, tamén entre latinas.

«As palabras de María, moi nerviosa tras o accidente, foron as seguintes: “Vou chamar á policía e á compañía de ‘aseguros’ agora mesmo”».

- f) Úsanse tamén as comiñas simples cando se desexa indicar a explicación ou definición doutra palabra.

hipótese ‘razoamento formado sobre indicios ou aparencias máis ou menos fundadas, que se utiliza para explicar algunha cousa’
páx. ‘páxina’

3.6.3. Parénteses e corchetes (() [])

As parénteses e os corchetes son signos auxiliares da puntuación que serven para inserir palabras, cifras, oracións etc. Habitualmente trátase de información adicional, da que se pode prescindir, pero que engade datos ou aclaracións.

USOS DAS PARÉNTESSES

- a) O uso principal das parénteses ten como finalidade introducir aclaracións ou incisos.

Fernando Pessoa (escritor portugués) desdoubrouse en varias personalidades: os seus heterónimos.

É habitual empregar as parénteses para indicar o lugar e a data de nacemento dunha persoa.

Rosa Pereira (A Estrada, 1984) foi a gañadora do primeiro premio de poesía da Universidade de Vigo.

Tamén é frecuente escribir entre parénteses topónimos que inclúen outros menores.

*O xerente decidiu establecer a sede principal da empresa no Saviñao (Lugo).
Concedéronlle o posto de directora dunha escola de idiomas en Debrecen (Hungría).*

- b) O desenvolvemento de siglas e acrónimos ou as propias formas abreviadas gráfanse entre parénteses.

A Ofie (Oficina de Iniciativas Empresariais) está atendida por persoal especializado.

Os Servizos Informáticos de Investigación (Seinv) ocúpense da infraestrutura informática da Universidade..

- c) Cando se indican remisións a partes do mesmo documento ou a outros documentos, sexan apartados, índices, parágrafos etc.

Neste mesmo documento (vid. páxina 93) pódese atopar unha listaxe completa de termos empregados no libro.

Na páxina seguinte reproducimos a táboa que amosa as diferenzas xeracionais entre a poboación galesa e a escocesa (fig. 5).

Na enciclopedia podes obter moita información sobre os procesos industriais do aceiro (s.v. aceiro).

- d) Coas parénteses pódense dar dúas ou máis posibilidades de lectura dunha forma ou sintagma

A cuestión da (in)visibilidade do tradutor atópase hoxe nunha posición marxinal.

- e) Nas obras de teatro as anotacións van entre parénteses.

*BREIXO. (Dirixíndose devagar, con cara de sorpresa, aos seus pais.)
¿Por que non me avisastes?*

- f) Na crítica textual gráfanse entre parénteses as partes que se presupoñen por non figuraren escritas ou seren de difícil lectura.

O texto que debemos manexar empeza do seguinte xeito: «Et que en for(t)e ora vos eu achey et en mao día [...]».

USOS DOS CORCHETES

- a) Os corchetes úsanse para encerrar texto ou cifras que forman parte doutros xa encerrados entre parénteses.

*Toda esta información podédela atopar no manual de física aplicada (1995 [2002]) citado na bibliografía.
Para a información sobre convocatorias de intercambio debes dirixirte ao persoal especializado (Oficina de Relacións Internacionais [ORI]).*

- b) Utilízanse, xunto cos tres puntos, para indicar que nunha cita textual se omite voluntariamente unha parte desta.

De acordo con Ernesto Ribas: «Internet permite e favorece a colaboración entre docentes e estudantes máis alá dos límites físicos e académicos [...]».

Empréganse, coa mención *sic*, para indicar que o erro que se transcribe está presente no orixinal e non é produto do transcriptor.

O título do documento comezaba: «Informe vuinulao [sic] da Federación de Asociaciois de Occidente [...]».

- c) Úsanse na reprodución de versos cando un destes non colle enteiro na súa liña.

*Pouquiño a pouco os ollos fóronselle
[pechando,*

doñas acendidas na lus dun puro amor,

d) Representáanse entre corchetes as transcrisións fonéticas.

A forma «vén» [x̄d̄v̄n̄] pronúnciase de maneira diferente a «ven» [x̄d̄m̄n̄].

e) Utilízanse para desenvolver siglas ou acrónimos nun texto, cando este desenvolvemento se sitúa a carón das letras iniciais da palabra.

A conselleira Eur[opean] E[mployment] S[ervice] da Universidade de Vigo reuniuse coas persoas interesadas en participar no simposio.

A infor[mación] [auto]mática é cada vez máis necesaria nas sociedades occidentais.

Lourenzo [Pedreira], X.[abier]

3.6.4. Os signos de interrogación (?) e de admiración (!)

Mediante os signos de interrogación e de exclamación márcase na lingua escrita a entoación interrogativa ou exclamativa. Na lingua galega, desde a reforma do ano 2003, só é preceptivo o uso destes signos ao final do enunciado. Así e todo, ambos poden utilizarse ao principio co fin de facilitar a lectura e evitar ambigüidades.

Cómpre lembrar que tras estes signos nunca se pode escribir punto, pero si outros signos de puntuación, como a coma, os dous puntos etc. En función, pois, disto, escribirase maiúscula ou minúscula.

En que facultade traballas? Polas mañás na de Historia e polas tardes na de Belas Artes.

Como te chamas?, a que te dedicas?, onde vives? Esas foron as primeiras preguntas que me fixo.

Pero que dis!, se eu tamén estaba alí e non vin iso que contas.

Nótese que estes signos van sempre unidos ás formas que os preceden e deben escribirse con letra grosa, cursiva etc. se así están grafadas estas.

Que me preguntaches?

USOS DA INTERROGACIÓN

a) O seu uso máis frecuente é o de indicar que un determinado enunciado é interrogativo, é dicir, que representa unha pregunta

que na lingua oral tería unha entoación interrogativa. Existen certas partículas, como *que*, *cando*, *onde*, *como cal*, *canto*, *quen* etc., ás veces precedidas por preposicións (*por que*, *para cando*, *con quen* etc.), que constitúen un mecanismo habitual das oracións interrogativas.

Que che dixo a profesora do traballo?
Onde se atopa o Servizo de Prevención de Riscos Laborais?
Cantas linguas sabes falar?
Con quen viñeches hoxe?

- b) Ademais, calquera outra oración, en principio aseverativa, pode converterse en interrogativa.

Gustoulle o agasallo que lle mercamos? é diferente de Gustoulle o agasallo que lle mercamos.
Compraches as entradas para o partido?

Debemos lembrar que non se usa coas interrogativas indirectas, xa que nestes casos a entoación da oración é enunciativa:

Preguntoume se me concederan a axuda de transporte que solicitara.
Insiste en preguntarme canto me custou o libro.

- c) Úsase tamén o signo de interrogación nas denominadas preguntas retóricas, é dicir, nas preguntas das que non se espera resposta.

Sabes unha cousa? Non cría que puidese ser capaz de facer iso.
Seica non aprobaches o exame? Pois agora quedas sen ir xogar ao fútbol.

- d) Aínda que non é moi habitual, pódense dar casos en que dentro dunha oración interrogativa haxa outra interrogativa.

Debemos facerlle caso ao mentor (seica lle chaman así agora?)?

- e) Cando se emprega o signo de interrogación de peche entre parénteses, este indica dúbida, ironía ou sorpresa, ou que o dato que figura antes pode conter algún erro.

Afirmou que lle gustaba moito traballar no campo (?).
A Universidade de Vigo esgallouse da de Santiago en 1991 (?).

- f) Utilízase en dicionarios e enciclopedias para marcar a falta dun dato ou a dúbida a respecto dalgunha información que se proporciona.

O Poema de Mío Cid (1140?) é unha lectura obrigatoria no ensino secundario.

anl

USOS DA ADMIRACIÓN

Utilízase para expresar unha emoción, sexa sorpresa, alegría, admiración, desprezo, dor, etc.

*Xa volvestes de Lubián! Que rápidos fostes!
Que ben che viña unha daquelas coma a miña!
Apártateme de diante! Non te quero ver nin en pintura!*

Emprégase coas interxeccións (*eh, oh, ai* etc.) e con palabras que poden usarse como interxeccións (*atención, fóra* etc.).

*Ai ho! Seica non soubeches que morreu a semana pasada?
Arredemo! Ten mañá un exame e aínda anda agora a buscar
apuntamentos.
Ah! Xa sabía eu que me ías sorprenden hoxe.
Atención! Tendes que saír de aí.*

O signo de admiración colocado entre parénteses manifesta dúbida, ironía, sorpresa etc.

*Segundo el, pagar 30 € por unha noite de hotel no centro de París
era caro (!).*

O uso de varios signos de admiración seguidos só pode usarse nas obras literarias.

*Socorro!!! Sacádeme de aquí dunha vez.
Meu Deus!!! Que está pasando?*

3.6.5. O guión e a raia

O GUIÓN (-)

- a) Utilízase para unir palabras compostas por dous adxectivos ou substantivos aínda non fixadas na lingua, así como as palabras complexas do tipo *nor-nordeste, oés-suroeste* etc.

*As causas de índole político-económica son as que xustifican
principalmente esta decisión.
O médico diagnosticoulle un trastorno maníaco-depresivo.
Nos próximos días vai soprar vento do nor-noroeste.*

- b) Únense con guión os compostos formados por unha sigla, unha palabra escrita en maiúsculas ou un número.

Nas próximas eleccións á presidencia do club, Sara di que é pro-Miguel.

Despois dos escándalos financeiros, Xoán declarouse anti-ONG.

Os xogadores da sub-21 saíron vitoriosos do partido disputado en Lituania.

c) Escríbense tamén con guión algúns estranxeirismos incorporados ao galego como *big-bang*, *foie-gras*, *fox-terrier*, *walkie-talkie*, *wáter-polo* etc.

d) Débese usar o guión para unir a partícula *non* cun substantivo ou adxectivo.

O 30 de xaneiro celébrase o día da paz e a non-violencia.

Os países non-aliñados reuníronse en Cuba para analizar novas formas de cooperación.

e) Úsase o guión para partir palabras a final de liña. Cómpre ter en conta que se debe respectar a correcta división en sílabas e que os dígrafos nunca se poden separar. Para a partición de palabras, véxanse as *Normas*.

f) Utilizamos o guión para unir a variante alomórfica *-lo*, *-la*, *-los*, *-las* do artigo co adverbio *u*, coas formas verbais e os pronomes *nos*, *vos* e *lles*.

U-lo libro que me regalaches?

Tróuxono-las cousas que lle encargamos.

g) Emprégase para unir dúas palabras que non forman un termo composto.

Hoxe pódese ver na televisión o partido Celta-Deportivo.

h) Úsase entre dous anos para expresar un período de tempo. É moi habitual este uso para indicar as datas de nacemento e morte dunha persoa.

Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) escribiu Onde o mundo se chama Celanova.

A segunda guerra mundial (1939-1945) foi o conflito máis grande da historia.

i) Pódese usar, nas datas, para separar o día, o mes e o ano.

17-05-2007

- l) O guión úsase tamén entre números de páxina para indicar que quedan comprendidas todas as que se atopan entre os extremos que se sinalan.

Debes imprimir as páxinas 20-46 do documento que che acabo de enviar.

- m) Nos nomes das vías públicas urbanas, o guión pode unir dous números correlativos.

Vive na rúa do Concello, 15-17.

- n) Modernamente úsase o guión, xunto con cifras, para designar datas singulares, nomes de estradas e autoestradas etc.

Xa pasaron bastantes anos desde o intento de golpe de estado do 23-F.

A autoestrada AG-53 supuxo un grande investimento para a Xunta de Galicia.

A RAIA

A raia é un signo que a miúdo se ten denominado tamén *guión longo*, a imaxe do *guión curto* ou *pequeno*, que é simplemente o *guión*. Estas denominacións son innecesarias, pois os termos *raia* e *guión* son suficientes para designar os correspondentes signos ortográficos.

USOS DA RAIA

- a) A raia utilízase para indicar os interlocutores nos diálogos. Nestes casos gráfase unido á palabra que vén a continuación.

—É aquí onde se pode realizar o pagamento dos cursos?

—Non, debes dirixirte á entidade bancaria correspondente.

—Ah, moi ben. Grazas.

—De nada.

Cando se inclúe algunha aclaración, esta insírese entre raias. No caso de que, despois da aclaración, vaia un punto e á parte, non debe reproducirse a segunda raia.

—Xa presenteí a solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección para o congreso —comunicounos a encargada.

- b) Tamén se usa para marcar un inciso nun enunciado. Esta función é similar á das comas.

Os alumnos e as alumnas do Programa para a implantación das TIC —tanto do campus de Pontevedra coma de Ourense— xa poden recoller os seus diplomas na oficina.

- c) Utilízase a raia nas enumeracións que se colocan en parágrafo á parte.

Os obxectivos que se desexan acadar con esta acción formativa son os seguintes:

- definición do mercado de traballo,
- ampliación das perspectivas laborais,
- participación e mellora das condicións de contratación.

Neste caso, é perfectamente válido substituír a raia por un topo.

Os obxectivos que se desexan acadar con esta acción formativa son os seguintes:

- definición do mercado de traballo,
- ampliación das perspectivas laborais,
- participación e mellora das condicións de contratación.

- d) Nas bibliografías, cando se reproducen dúas ou máis referencias en que o nome do autor (ou dun dos autores) coinciden.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L.: *Amor de Artur*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991.

— *Era na selva de Esm*. A Coruña: Espiral Maior, 2004.

— *Contra Maquieiro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005.

3.6.6. As barras diagonal ou oblicua(/), inversa (\) e vertical (|)

A denominada barra diagonal ou oblicua pode recibir simplemente o nome de *barra*.

USOS DA BARRA OU DIAGONAL

- g) No sistema internacional de unidades emprégase co valor de «dividido». Tal é o caso en *km/h*, *m/s* etc. Úsase así mesmo en matemáticas para a operación da división e nos quebrados.

100 km/h

25/5=5

Necesítase a aprobación de 2/3 (dous terzos) dos presentes.

- h) A barra ten tamén a función de separar diversas opcións de escolla sen as desenvolver por completo.

Os alumnos/as sempre se interesan polas cuestións relativas ao plan de estudos.

- i) En poesía úsase para separar os versos cando se dispoñen en liña seguida.

Non teño risas nos beizos, / non teño bágoas nos ollos, /ni-o porvir me mete medo, / nin me doi o teu recordo.

- l) Úsase, en lingüística, para representar as transcricións fonolóxicas.

As formas vaca e baca comparten o fonema /b/.

- m) En leis, decretos e outros documentos emprégase a barra para separar o número do ano de publicación.

En Galicia aínda rexe a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.

- n) Nalgunhas poucas abreviaturas, a barra pode facer as funcións do punto.

O enderezo da ANL é r/ das Cumieiras s/n.

- o) Pódese usar, nas datas, para separar o día, o mes e o ano.

17/05/2007

USOS DA BARRA INVERSA

Utilízase só en informática e ten como finalidade indicar o camiño para chegar a un documento:

*C:\Documents and Settings\Os meus documentos\ Área
Normalización Lingüística Vigo\Contabilidade
2007\pagamentospendientes.html*

USOS DA BARRA VERTICAL

A barra vertical unicamente se usa nalgunhas obras lexicográficas para separar as acepcións dunha entrada.

recesión s.f. 1. Feito de retroceder, de retirarse. || 2. Econ. Diminución ou retroceso da actividade económica dun país (da produción, das vendas, dos investimentos etc.).

3.6.7. O apóstrofo (')

USOS DO APÓSTROFO

En galego só se utiliza para marcar a contracción das preposicións *de* e *en* co artigo do título dunha obra ou publicación periódica.

*Tes que ler a entrevista que lle fan á alcaldesa n'A Peneira.
Os d'A Nosa Terra non lle fixeron nin caso ao festival folk que houbo en Pontedeva.*

Non obstante, o apóstrofo úsase en apelidos procedentes doutras linguas.

Un dos personaxes da película Foise co vento é Scarlett O'Hara.

USOS INCORRECTOS DO APÓSTROFO

Non se debe usar nunca con cifras para expresar os decimais. No seu lugar debe utilizarse a coma.

**565'8, senón 565,8*

Tampouco se debe empregar para indicar o plural dunha sigla, xa que estas son formas invariables e, polo tanto, non teñen plural.

**as ONG's, senón as ONG*

3.7. A cursiva

A cursiva caracterízase por estar lixeiramente inclinada cara á dereita sen trazos de unión. Este tipo de letra é a forma diacrítica máis utilizada, polo que debemos ter claro en que casos se realiza un uso correcto desta.

Escríbense con cursiva:

- a) Os nomes científicos utilizados en botánica e zooloxía.
Swietenia macrophylla, Hippopotamus amphibius, Homo neanderthalensis
- b) Os títulos de libros, folletos, publicacións periódicas, bandas deseñadas e fascículos.

A esmorga, La Voz de Galicia, Os Barbanzóns: A noite de samaín, A Galicia dos pazos

- c) Os títulos de teses de doutoramento e de licenciatura, así como os proxectos.
A física aplicada ás novas tecnoloxías
Aspectos etnográficos na viticultura galega
- d) Os exemplos introducidos en obras, sobre todo nas de carácter lingüístico:
Os nomes propios escríbense con maiúscula: Antón, María, Brais etc.

Cando dentro do exemplo un dos elementos tamén se debe escribir con cursiva, o tipo de letra que utilizamos para marcar a diacrise é a redonda. Debemos escribir en cursiva os títulos dos libros: *A esmorga, De catro a catro etc.*

- e) As obras de arte (escultura, pintura, música, danza etc.).
A Universidade vai mercar unha copia de O Tesouro de Francisco Asorey.
O cadro titulado As Panadeiras de Colmeiro está exposto en Vigo.
Inaugurouse o ciclo de danza coa obra O lago dos cisnes.

- f) As letras, palabras ou frases que introduce o editor en edicións críticas e que non pertencen ao texto orixinal.

Incluíranse edicións críticas de partituras e ensaios históricos sobre compositores, escritores, poetas, pintores e arquitectos que colaboraron na obra.

- g) Os títulos de películas, programas, series e ciclos de televisión e radio.
O sonho dunha noite de San Xoán, Mareas vivas, O tren do serán.

- h) As anotacións en obras teatrais ou diálogos.
PEPIÑA: (Dende dentro) ¡Si, mamá!
ANTÓN: ¿Sabes en que viña eu pensando polo camiño? (Debe mirala fixamente)

- i) Os estranxeirismos e latinismos non integrados na lingua.
locus amoenus, forum, dossier

- l) As palabras, cando se fai un uso metalingüístico destas.
A forma reparto en galego é incorrecta; debemos escribir repartición.

- m) As palabras que remiten a unha entrada alfabética dun dicionario ou enciclopedia desde calquera outra obra.
v. DRAG, s. v. estatuto

3.8. A grosa

A letra grosa é a que común e erroneamente chamamos negra. O termo correcto en galego para designala é *grosa*, xa que o trazo que a diferencia do resto das letras do texto é o seu grosor e non a cor. Non se debe abusar do seu uso, que queda restrinxido aos seguintes casos:

- a) Nos títulos de capítulos, aínda que tamén pode utilizarse nalgunha categoría dos subtítulos.

Capítulo II. A medicina no século xvi

Subtítulo. A pureza do sangue

- b) Nos titulares e subtítulos, así como nos sumarios e ladillos de xornais e revistas.

*O Duvi abriu co seguinte titular: **A Universidade rompe unha lanza a favor do labor dos deportistas de elite***

*Tes que ler o ladillo da dereita, o de **Deporte e Universidade***

- c) Os nomes de persoas, palabras ou sintagmas que se queren resaltar nas reportaxes e artigos de revistas e xornais.

*Xosé Otero Abeledo, **Laxeiro**, foi o protagonista do acto de apertura do VI Memorial Filgueira Valverde.*

*O **filósofo e político** centrou a súa intervención na afirmación de que cada vez será máis difícil afrontar un estado laico.*

3.9. As versaletas

As versaletas caracterízanse por teren un tamaño inferior ás maiúsculas, pero as súas hastas teñen a mesma dimensión ca estas. Para poder utilizar a verdadeira versaleta débese ter dixitalizada a familia da letra que utilizamos, xa que o que coñecemos en Word como esta non é máis ca unha redución informática da maiúscula.

Escribiranse con versaletas:

- a) Os números romanos cando acompañan palabras que se escriben con inicial minúscula, como os séculos, dinastías, milenios, volumes, tomos etc.

Durante os século xix Galicia viviu un rexurdir literario.

No tomo iv do Atlas Lingüístico aparecen todas as áreas dialectais.

Se estas cifras acompañan nomes propios de reis, príncipes, papas, emperadores etc. grafaranse con maiúscula e non con versaleta.

*O rei Afonso IX foi un mecenas da literatura trobadoresca.
Tras a morte de Xoán Paulo II escolleuse un novo papa.*

- b) Os apelidos na mención do autor no pé de diferentes textos, como prólogos, artigos e noticias.

Asina sempre os seus artigos de opinión como XMAF.

- c) Os nomes de personaxes nos textos teatrais.

Antón: E a todo isto, ¿que hora é xa?

filomena: Pois as dúas e media pasadas; xa tes o xantar frío ben sei.

- d) Os apelidos dos autores nas bibliografías.

COSTA, A. (1994): Informe da situación e estado do sistema educativo en Galicia. Xunta de Galicia.

GONZÁLEZ REI, B. (2004): Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova Editorial.

- e) A palabra *artigo* nos textos legais e estatutarios cando se utiliza como título, tanto se aparece desenvolta como abreviada.

ARTIGO 1

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior.

- f) Os étimos das palabras.

Avogado □ *lat. ADVOCĀTUS*

Medicina □ *lat. MEDICINA*

3.10. As enumeracións

Podemos definir como enumeracións a mención das partes que compoñen un todo. Na linguaxe escrita hai dúas formas para dispor esta información: no mesmo parágrafo ou como unha listaxe en distintos parágrafos.

A primeira das estruturas non presenta complicación ningunha, pois os elementos da enumeración irán mencionados uns a continuación dos outros, normalmente introducidos por dous puntos e separados por comas (se son palabras) ou por puntos e comas (se son sintagmas verbais ou frases moi extensas).

Inclúense dentro do volume total de traballo do alumnado o seguinte: as clases presenciais, os traballos, as titorías, o estudo persoal do estudante e a realización de exames.

Os obxectivos xerais da materia son os que relacionamos a continuación: adquirir coñecementos básicos sobre saúde, nos seus diferentes aspectos; saber sobre a aprendizaxe da conduta e de como modificala; adquirir coñecementos sobre prevención, promoción e restauración da saúde; e adquirir capacidades básicas para o desenvolvemento dunha metodoloxía activa e participativa.

O problema preséntase cando as enumeracións se estruturan como listaxes en parágrafos independentes. Neste caso é necesario establecer unha serie de criterios que nos poidan axudar a puntualas e a determinar o uso de maiúsculas e minúsculas nestas. Deste xeito podemos guiarnos polas seguintes pautas para dispoñalas dun xeito coherente e unificado:

a) Cando a enumeración está composta só por palabras estas non necesitarán ningún tipo de puntuación e escribíranse con minúscula inicial. A introdución destas por algún tipo de signo é opcional.

*Os asistentes ao curso deberán traer:
lapis
papel
bata
lentes*

b) Se os elementos da enumeración son sintagmas non verbais, estes irán separados por comas e en minúscula.

Os alumnos deberán realizar as seguintes actividades:

- realización dunha colaxe,*
- análise do contido,*
- elaboración de conceptos clave,*
- estudo e resolución de casos.*

A introdución de signos marcadores é opcional e debemos ter en conta que o último elemento da enumeración levará punto final.

c) Cando as enumeracións estean compostas por enunciados verbais recomendamos dúas opcións: utilizar o punto final e a correspondente maiúscula no seguinte elemento, ou usar punto e coma e manter a minúscula inicial. O uso dunha ou outra

debería do autor do texto, mais se se trata de enunciados moi extensos recomendamos utilizar a primeira delas. No caso destes sintagmas seren menos extensos, ou de combinalos con verbos, debería optarse pola segunda, sen esquecer o punto final no último elemento.

A Universidade de Vigo, para o cumprimento dos seus fins e en virtude da súa autonomía, ten as seguintes competencias:

- a. Elaborar e aprobar as normas que desenvolvan os seus estatutos ou outras disposicións que lle sexan de aplicación.*
- b. Manter e potenciar os servizos asistenciais para complementar o desenvolvemento persoal de todos os membros da comunidade universitaria nos termos que establezan os seus estatutos.*
- c. Expedir, en nome do rei, os títulos ou diplomas académicos e profesionais de carácter oficial, así como o establecemento e expedición de títulos e diplomas propios.*

Son competencias do profesorado:

- a. desenvolver a capacidade de análise e síntese, organización e planificación;*
- b. acadar a capacidade de traballo autónomo, xestión da información e resolución de problemas;*
- c. identificar os problemas;*
- d. mellorar as estratexias para traballar en equipo.*

Nas enumeracións débese evitar a mestura de predicados verbais con non verbais, así como a de verbos con substantivos. A solución correcta é optar por unha ou outra forma para os elementos que enumeramos.

**Responsabilidades do alumnado:*

- coñecer o plan de prácticas;*
- asumir un código deontolóxico;*
- participación no deseño da actividade que se vai realizar;*
- compromiso coas tarefas encomendadas;*
- participar nas titorías establecidas polo profesorado.*

4. ERROS E DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES NO USO DA LINGUA GALEGA

Os erros máis frecuentes que cometemos escribindo ou falando en galego son debidos á influencia da lingua española. Desde a escola e a universidade ata os medios de comunicación, mundo empresarial etc., os diversos rexistros e tecnolectos do español interfieren nas persoas galegas en diferentes graos. As persoas criadas en ambiente social e familiar galegófono presentan moitas menos interferencias. Outramente, as criadas en ambientes castelanófonos ou as neofalantes teñen un número considerable de interferencias. Estas desviacións da normalidade poden ser corrixibles e evitables co estudo e a continua práctica oral e escrita da lingua galega.

4.1. Erros fonéticos e prosódicos

Por se tratar fundamentalmente este volume dun manual de estilo para o galego escrito, non nos imos deter excesivamente nas interferencias fonéticas e prosódicas, pero si deberemos enumerar e describir as principais moi brevemente, para os usuarios da lingua oral repararen nelas e as evitaren, tanto na comunicación oral directa coma na lectura pública de textos escritos.

4.1.1. Vocalismo

A desviación máis acusada é a introdución no galego do sistema vocálico tónico castelán (cinco vogais) para emitir unha locución en galego (sete vogais). En galego temos dous fonemas de grao medio aberto velares /o/ e / / (pola/póla) e outros dous palatais /e/ e /ɛ/ (aceso/acceso). É moi rechamante cando nos medios audiovisuais galegos se len textos ou se fala en galego con vocalismo castelán, sen pronunciar vogais medias abertas, sen articular ben as átonas finais, sen pronunciar os encontros vocálicos etc., provocando estrañamento e mesmo emitindo mensaxes confusas.

*Por mor da tractorada, a estrada de Lalín estaba inzada de cortes
Tiroulle a carne e a pel ao óso
Elas non ven ben o que lles ven por aí*

Se o locutor non pronuncia ben as vogais abertas do galego dará a entender que na estrada había habitáculos para animais (e non interrupcións), que a pel lle foi arrincada a un animal plantígrado (e non a unha parte ósea dun vertebrado) e no terceiro caso o ouvinte galego non entenderá nada porque é como se alguén dixese en castelán “Ellas no ven ven lo que les ven por aí”.

Por iso cómpre sermos moi conscientes e perserverantes na corrección destas interferencias, para que se entenda correctamente o que dicimos ou o que lemos en alto.

4.1.2. Consonantismo

Algúns fonemas e sons do galego non existen en castelán, por iso hai persoas con fonética interferida que non dan pronunciado ben. Neste eido hai que incidir aquí en tres aspectos sobranceiros:

- a) A pronuncia do **x** /ʃ/ en palabras como *esixir*, *seixo*, *coxo*, *toxa*. Non se entende como algúns locutores pronuncian perfectamente o **x** en palabras estranxeiras como *short*, *she*, *Washington*, e logo non dan pronunciado o mesmo son no galego (**resistro seral*) ou mesmo confunden **s** e **x**: **Xoxé*, **xeixo* etc.
- b) A pronuncia do **n** velar /ŋ/, grafado **-nh-** en interior de palabra e **-n** en final de palabra. En ocasións, escoitamos nos medios audiovisuais galegos cousas como “despedímonos **conesta* sintonía” (e non *con esta*), “prenderon lume **conachas*” (por *con achas*) ou “foron apreixadas **enaugas* internacionais” (por *en augas*). O **n** velar existe en castelán cando se pronuncia *nunca* ou *ángulo*, ante consoante velar; por exemplo, para pronunciar *nunha* próbese a pronunciar lentamente *nun-ca* e logo próbese a tirarlle o **c** /k/ no último momento, o resultado será *nunha*, á galega.
- c) A terceira gran interferencia consonántica é a indistinción entre os sons que representan o **i** (en ditongos) e o **ll**: *maio* (mes)/*mallo* (de mallar), *caio* (de caer)/ *callo* (de callar) etc., cando algunhas persoas pronuncian todo igual: *mallo*, *mallo*, *callo*, *callo*... O **i** equivale a unha semivogal, *traia*, e o **ll** correspóndese cunha consoante: *tralla*.

Como exemplo paradigmático da importancia dunha correcta pronuncia do galego para evitarmos confusións e malentendidos, pomos o sucedido hai pouco nun programa de televisión. Unha señora participou nun sorteo e gañou “unha magnífica xoia”, pero cando o locutor llo comunicou a señora respondeu: “e logo para que quero eu agora peixe?”. O mal locutor dixéralle que gañara “unha magnífica solla”. Xoia [ˈxuja] pronúnciase de moi distinta maneira que solla [ˈsoˈja].

4.1.3. Prosodia

A prosodia é a curva melódica dun enunciado oral, a entoación. Nos medios audiovisuais galegos impúxose a moda castelanizante e madrileñizante chamada do “acento neutro”, é dicir, acento de fóra do mapa, acento de ningures pero sempre non galego, acento mal imitado dos medios castelanófonos por complexo de inferioridade do propio acento galego. Deste xeito, aínda que o galego na locución sexa correcto, a transmisión é falsa e postiza ao ser entoada cunha “melodía” allea. A letra é galega pero a música é castelá. Isto nótase no discurso normal e cotián de moitos locutores de informativos, programas variados, discursos, pregóns, roldas de prensa etc.

Por exemplo, é aberrante entoar ascendendo e subindo un ton ou semitón na última sílaba dunha frase, practicamente á moda daqueles pregoeiros con trompetiña das películas españolas dos anos cincuenta, cando en galego a entoación ao final das frases é sempre descendente. É o noso acento, non temos outro. A solución é doada: ler como se se falase sen ler, entoar nun discurso oficial como se entoa normalmente ao falar, non finxir un acento “neutro” non propio porque con iso o único que facemos é revestir o discurso de impostura e inautenticidade. Parafraseando unha campaña publicitaria moi recente, se cadra deberíamos reivindicar un: “entoemos con normalidade, sen finximentos, como galegos”.

4.1.4. Erros e dúbidas nos artigos

- a) Nas Normas de 2003 dáse como opción preferente a non representación da segunda forma do artigo. Esta só é obrigatorio representala cando o artigo se une á preposición **por** (polo/a/os/as) e co adverbio interrogativo **u**: *u-la documentación? u-los informes técnicos?*
- b) Na linguaxe administrativa ou xornalística hai certa tendencia a eliminar os artigos, posiblemente por economía ou por cuestións de espazos. Na linguaxe administrativa galega deberemos evitar isto e pór sempre o que corresponda: **Asunto: envío modelos instancias, *O alumnado presentará traballo final, *Véxase formulario anexo, *Accidente corta autoestrada...* enunciados destes débense redactar como *Asunto: envío dos modelos das instancias, O alumnado presentará un/o traballo final, Véxase o formulario anexo, Un accidente corta a autoestrada.*
- c) Lembremos que é obrigatoria a presenza do artigo entre *todos/as* e *ambos/as* e o substantivo a que acompañan: *en ambas as ocasións... de todos os xeitos...*

- d) Nas *Normas* de 2003 dáse como opción preferente a forma *ao/aos* na contracción da preposición **a** co artigo masculino. A outra contracción, *ó/ós*, é normativa pero non é preferente.

4.1.5. Substantivos e adxectivos

Deberemos prestar moita atención neste apartado a:

- a) Palabras que teñen distinto xénero en galego e en castelán: o sangue, o dote, o nariz, o cume, o massacre, a orixe, a análise, a viaxe...
- b) Palabras femininas que en singular levan en castelán artigo en masculino. Son femininas e os artigos ou demostrativos que as acompañen concordan con elas no xénero: a arte barroca, as artes plásticas, a auga clara, a aula chea, a área pequena (el arte barroco, las artes plásticas, el auga clara, el aula llena, el área pequeña...); obsérvase que en galego o artigo sempre é lxicamente feminino. A proba da corrección destas formas está no plural: as artes, as áreas, as almas, as augas, as aguías...
- c) Os sufixos *-án/-á*: as palabras patrimoniais tiveron esta evolución afgán/afgá, aldeán/aldeá; artesán/artesá; cidadán/ cidadá; muxián/muxiá, cotián/cotiá; cristián/cristiá, capitán/ capitá, compostelán/compostelá, ourensán/ourensá, etc., e as palabras cultas manteñen as formas latinas *-ano/-ana*: urbano/a, humano/a, africano/a, americano/, australiano etc.¹
- d) Nos substantivos **deverbais** recoméndase a terminación en *-mento*: desarmamento, cesamento, pagamento, embargamento, desfalcamento, desafiuamento, financiamento, emprazamento, adestramento etc., non desarme, cese, pago, embargo etc. Algúns verbos deron lugar a dous tipos de substantivos deverbais, uns con forma regresiva e outros con forma sufixada: aluguer e alugueiro, achega e achegamento, obriga e obrigación, queima e queimadura etc., e noutros existe só unha forma deverbal: aforro, amarre, embarque etc. En caso de dúbida consúltese o VOLG (www.realacademiagalega.org/volga).
- e) Excesiva nominalización na linguaxe administrativa: procedeuse á votación, é necesario para a consecución dos obxectivos, procédese ao reparto, para dar cumprimento ás normas, tomar parte, proceder ao nomeamento...recomendamos substituír estas nominalizacións por formas verbais que alixeiran a redacción

¹ Véxanse as páxinas 65-57 das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.
www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/normas_galego05.pdf

como: votar, é necesario para conseguir os obxectivos, repártese, para cumprir as normas, participar, nomear etc.

4.1.6. Pronomes

PRONOMES PERSOAIS

- a) Estase introducindo en fórmulas fixas o leísmo do castelán. Isto é totalmente rexeitable en galego, polo que debemos evitar *saúdolle atentamente, *chamoulle ás dez da noite, *infórmolle de que assistirei, *avísolle da convocatoria, *o alcalde convídalle a etc., e empregar as formas correctas saúdoo/a atentamente, chamouno/a ás dez da noite, infórmoo/a de que assistirei, aviseino/a da convocatoria, o alcalde convídao/a a etc.
- b) Relacionado co anterior, estanse calcando construcións impersoais do castelán imposibles en galego: *á coruxa só se lle ve pola noite, *véselle moi cansa, *ao rei non se lle pode insultar etc. O correcto en galego sería, por exemplo: á coruxa só a podemos ver pola noite /a coruxa só é visible de noite, parece moi cansa/ nótase que está cansa, ao rei ninguén o pode insultar ou outras construcións semellantes, pero nunca calcos do castelán.
- c) Os pronomes reflexivos funcionan como complementos directos. En galego non pode haber dous complementos directos se un deles é reflexivo. Xa que logo, son incorrectas por castelanismo frases como *imaxinémonos que un protón..., * non me podo crer o que contas, *lavouse as mans, *linme o informe nun minuto etc. (imaxinemos un protón /non podos crer o que contas / lavou as mans/ lin o informe nun minuto). Nunha frase como *estudeime o tema 2 un galego esixe aclaración: ou te estudaches a ti mesmo (estudeime) ou estudaches o tema 2 (estudei o tema 2) pero as dúas cousas xuntas imposible, xa que imposible sería a conversión en *estudeimo.
- d) Evitemos sempre a forma elo, utilizada hoxe por castelanismo, e empreguemos no seu lugar un demostrativo: por elo, é preciso... debemos substituílo por por iso/isto, é preciso...
- e) A colocación do pronome persoal átono. A posición por defecto do pronome átono é a enclítica ou posverbal: chámome, lévote, infórmao, comunícalle... porque por regra xeral un pronome átono nunca pode encabezar un enunciado (*Se valorarán tamén...). A posición anteverbal ou proclítica está condicionada pola presenza de determinados elementos na cláusula

(comunicólles que se deberán entregar os informes antes do venres; non se aceptarán reclamacións posteriores) ou por factores pragmáticos pouco usuais nas linguaxes administrativa, xornalística ou científica.

- f) Por interferencia do castelán (e por ultracorrección) hai algúns falantes que colocan o pronome onde non lle corresponde: *se pode pasar? *non pódese? *Tamén díxolle etc.

As regras básicas da colocación do pronome átono son estas:

- a) Normalmente o pronome vai en posición posverbal: *Seguídesme? Entendédelo? Pareceume ben. Tomeille a palabra. Saúdao atentamente.*
- b) Para que o pronome se coloque antes do verbo non abonda coa aparición dalgún elemento no enunciado, sobre todo se entre ese elemento e o pronome existe unha pausa: *Do mesmo xeito, traduciranse todos os textos que.../No presente texto preséntase unha nova achega...*
- c) As conxuncións copulativas non provocan a anteposición do pronome: *Escribinlle unha nota e púxenlla encol da mesa.*
- d) Hai algúns adverbios (aínda, axiña, bastante, demasiado, incluso, máis, menos, mesmo, moito, pouco, quizais, sobradamente –e o resto de adverbios en –mente-, seica, sempre, só, tamén, xa)²; formas negativas (nada, non, nin, ninguén, nunca); pronomes (alguén, ambos/as, calquera, propio/s, todo/s, pouco/s) provocan a anteposición do pronome. Igualmente conxuncións ou locucións conxuntivas (que, se, porque, xa que, posto que), con algunha excepción non habitual nos documentos administrativos, provocan a anteposición do pronome: *xa cho dixen, axiña cho fago, moito me doeu, tamén se valorará, non nos vale, alguén o sabe, todo se sabe, xa que se dixu, posto que nos comentaran, que se ten en conta, se nos informasen antes...*
- e) En perífrases verbais compostas por infinitivo introducido por un verbo en forma conjugada e seguido de preposición ou conxunción e en contextos preposicionais con infinitivo hai dúas posibilidades de colocación:

Para matricularse / para se matricular

² Con algúns adverbios e locucións adverbiais, en xeral de tempo ou lugar (agora, aí, alí, antes, ao carón de, aos poucos, aquí, atrás, daquela, debaixo, dentro, despois, detrás, diante, enriba, entón, fóra, hoxe, lonxe, mañá, onte,...), o pronome adoita ir posposto ao verbo, aínda que en ocasións moi infrecuentes e especiais sexa tamén posible a dobre colocación.

Despois de matricularse / despois de se matricular
Sen matricularse / sen se matricular
Ao matricularse / ao se matricular...

Nós recomendamos como trazo de estilo positivo a segunda das opcións. O mesmo que nas perífrases anteditas, tipo:

Téñome que matricular / teño que me matricular / teño que matricularme

Débelo de facer / debes de o facer / debes de facelo

Haina que ter en conta/ hai que a ter en conta/ hai que tela en conta

Sendo calquera das tres perfectamente válida, recomendamos como trazo de estilo positivo as dúas primeiras opcións.

- f) En fórmulas habituais que pechan certificación ou convocatoria, como **o que lle comunicamos, *o que se asina, *o que se expide, *o que certifico* etc, son preferibles as fórmulas: *comunicámoslle, asínase, expídese ou certifico*.

Outros pronomes

- a) O posesivo distributivo **cadanseu-cadansúa**. Ás veces emprégase mal porque se fai equivaler a "cada un/unha": **Os vicerreitores entregaron un informe cadanseu*, cando a súa equivalencia é a "os seus respectivos", "senllos": *Os vicerreitores entregaron cadanseu informe/ Os atletas gañaron cadansúas medallas/ Avalaron os documentos con cadansúas sinaturas*. Repárese en que o complemento directo sempre vai detrás deste posesivo.

- b) O pronome relativo **que**. Débese evitar o artigo nas cláusulas de relativo introducidas polas preposicións **de** e **en** cando o antecedente está inmediatamente antes delas: *O ano en que nos clasificamos para a final/ Un dos eidos de que se fala habitualmente...* e non **O ano no que ...* ou **Un dos eidos dos que se fala...*

- c) É ata certo punto abafante o uso de **mesmo/a** con valor pronominal. En galego debemos usar nestes casos demostrativos ou posesivos. Por exemplo: **Ao final da sesión, e durante o desenvolvemento da mesma,.../ *Todos coñecemos o aparello e o funcionamento do mesmo*, serían perfectamente evitables se dicimos ou escribimos: *Ao final da sesión, e durante o desenvolvemento desta/durante o seu desenvolvemento, ou todos coñecemos o aparello e o seu funcionamento*.

- d) A dobre negación con pronome indefinido: en galego son incorrectas as construcións en que nunha cláusula negativa se emprega un pronome indefinido positivo; por tanto, débense empregar as formas negativas dos indefinidos: *non está sometido a imperativo legal ningún, nunca lle proporcionou texto ningún, se non pertencen a ningún departamento non poderán...*

4.1.7. Erros e dúbidas nos verbos

- Usos confundidos do pretérito (ou imperfecto) de subxuntivo e do antepretérito (ou pluscuamperfecto) de indicativo

O pretérito ou imperfecto de subxuntivo (formas en –se) indica unha acción irreal que se produce simultánea ou posteriormente a outra: Pedíronlle que presentase a documentación antes do venres. É frecuente na fala a confusión deste tempo co pluscuamperfecto ou antepretérito de indicativo (formas en –ra), que posúe un valor normal dun pasado anterior a outro pasado.

Esta confusión prodúcese en gran parte porque as formas en –ra e en –se son equivalentes en castelán (cantara ou cantase). Para evitarmos esta interferencia podemos ter en conta estas equivalencias orientativas:

Cantara = <i>había cantado</i> (agás nas oracións desiderativas: <i>quen me dera...</i>) Cantase = <i>cantara, cantase, hubiera cantado, hubiese cantado...</i>

Infinitivo

- Calco do francés

Hai un uso do infinitivo precedido da preposición a con valor de futuro que é rexeitable en galego por calco dunha das formacións de futuro en francés. Así, usos como *problemas a resolver, *datos a actualizar, *opcións a ter en conta etc., deben ser evitados e substituídos por problemas para resolver/que hai que resolver, datos para actualizar/que hai que actualizar, opcións para ter en conta/que debemos ter en conta etc.

- Uso (escaso) do infinitivo conxugado

O infinitivo conxugado é un tempo senlleiro do verbo galego moi usado na fala popular pero pouco empregado nos usos "serios" (administrativo, comunicativo e educativo) por impericia de moitos

novos usuarios. Como normas básicas, o uso do infinitivo conxugado é obrigado:

- a) Cando o suxeito do infinitivo é distinto do suxeito do verbo principal: *Pechou a porta ao macharen / Ao marcharen pechou a porta.*
- b) Cando o infinitivo ten un suxeito expreso no texto: *Pareceulles conveniente estarmos os representantes do alumnado na reunión de área.*
- c) Cando o infinitivo vai referido a un axente determinado non indicado no texto: *É imprescindible chegarmos a tempo á votación dos orzamentos. Cómpre non esqueceren a xuntanza de mañá, chámaas e lémbrallela.*
- d) Cando o infinitivo vai introducido por unha preposición, sobre todo se vai antes do verbo principal: *Ao acabaren (ao que acaben/cando acaben/así que acaben/en canto acaben) as clases colleremos o barco para Cangas. Para entendermos (para que entendamos) ben esta fórmula deberemos consultar de novo coa profesora.*
- e) E tamén pode utilizarse sempre que apareza despois dunha preposición ou locución prepositiva, tanto se está situado antes do verbo principal como se está despois, tanto se ten o mesmo suxeito ou se este é diferente:

Queremos aprenderlles ás persoas algunhas estratexias para abordaren (para que aborden) estes problemas. Sen os xustificarmos (sen que os xustifiquemos), parécenos que estes feitos son entendibles no contexto actual.

Reparemos en que unha secuencia prep. (+que) + verbo é moitas veces substituíble por prep.+ infinitivo conxugado:

<i>Para que veñas axiña</i>	<i>Para vires axiña</i>
<i>Despois de que cheguen</i>	<i>Despois de chegaren</i>
<i>Porque falaches alto</i>	<i>Por falares alto</i>
<i>Ao que comeces</i>	<i>Ao comezares</i>
<i>Con que mo digas</i>	<i>Con mo dicires/dicíresmo</i>

O XERUNDIO

O xerundio normalmente presenta unha acción simultánea ao seu referente: *Vina paseando pola rúa. Comenteille o detalle lendo o xornal. Sempre o atopo fumando na ventá.*

Non é correcto o uso do xerundio cando a acción non é simultánea entre o xerundio e o verbo que funciona referente. É incorrecto empregar o xerundio para indicar unha acción posterior á do verbo principal: * *Entregaranse as solicitudes na secretaría do departamento esperando posteriormente os candidatos a saída da relación provisoria de persoas admitidas.* A forma correcta sería: *Entregaranse as solicitudes na secretaría do departamento (acción primeira) e esperarán posteriormente os candidatos a saída da relación provisoria de persoas admitidas (acción segunda).*

Tampouco é correcto o emprego do xerundio cun valor especificativo do substantivo que acompaña. Nestes casos, débese substituír por unha cláusula de relativo: * *Remítolle un escrito notificando a resolución.* O correcto sería: *Remítolle un escrito en que/a través do que/ polo que/polo cal se notifica a resolución.*

Lémbrese que en galego é posible conxugar o xerundio en primeira persoa de plural: *Rematándonos con estas obras, poderedes comezar coa segunda fase do proxecto. Avanzándonos todos xuntos nesta liña poderanse acadar os obxectivos doadamente.*

Dúvidas e erros nalgunhas perífrases verbais

- a) **Ter + participio.** A perífrase *ter + participio* ten en galego un valor perfectivo-reiterativo, indica unha acción que se vén repetindo desde o pasado varias veces ata o presente. A súa aparición con valor unicamente perfectivo debe evitarse por castelanismo, pois non deixa de ser un calco da construción castelá *haber + participio*.

Téñoche dito que non se come coa boca aberta.

Teño ido a traballar todo este tempo en bicicleta.

* *Despois de terlle morto o pai estivo tristísima.*

Despois de lle morrer o pai estivo tristísima.

* *Graciñas por me terdes convidado a esta conferencia.*

Graciñas por me convidardes a esta conferencia.

- b) **Ir + infinitivo.** Lémbrese que nunca leva a preposición **a** no medio: *Imos realizar unha consulta. Acordamos ir pasear pola ribeira.*

- c) Pasado de **Haber (+de) + infinitivo.** Esta perífrase indica en galego acción que estivo a piques de ocorrer pero non ocorreu. Outramente, en castelán indica obrigatoriedade. Así, unha frase

como *houbo (de) morrer naquel incendio* en galego indica que case morreu (pero non chegou a morrer), pero o castelán *hubo de morir en aquel incendio* significa que necesariamente morreu. No galego escrito nalgúns medios achamos a perífrase galega co sentido castelán, o que, aparte de supor unha incorrección, provoca confusión na recepción da mensaxe.

<i>Houbo de morrer naquel incendio</i>	<i>Estivo a piques de morrer naquel incendio</i>
<i>Hubo de morir en aquel incendio</i>	<i>Tuvo que morir /murió en aquel incendio</i>

A VOZ PASIVA

É sempre máis recomendable a voz activa. A pasiva estase introducindo moito hoxe en día debido ao uso do inglés a través do castelán. A voz pasiva pódese empregar cando aparece un suxeito expreso: *O acordo final foi asinado polos dous sindicatos nacionalistas*; pero sería máis normal e fluída a frase en voz activa: *Os dous sindicatos nacionalistas asinaron o acordo final*. En moitos casos a voz activa só engade focalización nun substantivo que se pretende resaltar pónndo en primeiro lugar, pero na maioría dos casos a pasiva non engade nada especial, ningún matiz máis culto ou máis expresivo e, máis ben, recarga a expresión.

O neno foi atendido polo facultativo → *o facultativo atendeu o neno.*

As farolas xa foron retiradas onte → *ontem xa retiraron as farolas.*

4.1.8. Adverbios

- Na reforma normativa de 2003 houbo unha serie de locucións que pasaron a ser adverbios ao se escribiren aglutinadamente: *acotío* («continuamente»), *amodo*, *apenas*, *decontado* («axiña»), *decofío*, *deseguida*, *deseguido*, *devagar* («amodo»), *enseguida* e *talvez*:
- As formas **entonces* e **alomenos* son incorrectas e deben substituírse por *entón* e por *cando menos*, *polo menos* e *ao menos*, respectivamente.
- Lémbrese que os adverbios en **-mente** nunca se acentúan: *facilmente*, *comodamente*, *axilmente*...

4.1.9. Preposición

a) A preposición *a* co Complemento Directo

Existe unha tendencia a abusar do seu uso por influencia do español, un erro que debe ser corrixido nunha linguaxe coidada. A preposición *a* só é obrigatoria co complemento directo cando este é un pronome persoal tónico: *Víronos a eles pola rúa*. O seu uso é tamén moi habitual con nomes propios (*Seguíndomos a Platón, podemos dexergar que...*), aínda que nestes contextos tamén se podería prescindir da súa utilización: *Seguíndomos Platón, podemos dexergar que...* No resto dos casos evítase este uso: *levamos as nenas á escola / Homenaxeamos os heroes da loita contra o piche / Saudamos os tripulantes do outro barco etc.*

b) As preposicións *ata*, *até* e *deica*

Indican un límite ou fin no espazo ou no tempo. Poden ir seguidas dun artigo, pero contraen con el. *Deica* ten un significado máis restrinxido ca *ata* ou *até*. *Deica* significa “desde agora ata”, “a partir deste momento” ou “desde aquí ata”, “a partir deste lugar”: *Irei deica Panxón. Deica venres non volvas por aquí*. Así, en ocasións poden ser equivalentes *vou a Panxón/vou ata Panxón/vou deica Panxón*.

c) A preposición *cara a*

A preposición *cara a* debe utilizarse sempre na súa única forma e, polo tanto, en caso de ir seguida por un artigo masculino ou feminino debe contraer: *Dirixíase cara a Lugo /Dirixíase cara á praia /Dirixíase cara ao peirao*.

d) A preposición *malia* e as locucións prepositivas *malia que*, *a pesar de*

A preposición *malia* foise consolidando como conector co significado de «a pesar de». Outras locucións prepositivas con valor condicional de significado semellante son *malia que* e *a pesar de*.

e) A preposición *perante*

Existe confusión en ocasións con *durante* e son moi diferentes, é imposible confundilos. Nos seguintes exemplos podemos comprobar como *perante* significa *ante*, *diante de*, *na presenza de*, e non ten valor temporal:

O acusado compareceu **perante** o xuíz **durante** dúas horas.
Estivo moi tranquila **perante** o tribunal de oposición **durante** todo o tempo.

f) A preposición *por*

Esta preposición introduce o pronome interrogativo nas cláusulas interrogativas e escríbense cun espazo en branco entre as dúas palabras. O pronome interrogativo non leva acento: **Por que** o fixeches? *Pódese saber por que non viñeches antes ?* Tamén pode ir seguida do pronome relativo cando introduce cláusulas de relativo: *Non sabe a razón por que a chamaron a ela.*

Combínase coa conxunción *que* en casos en que a preposición vén rexida polo verbo ou cando introduce cláusulas finais en que se pode substituír pola preposición *para*: *Traballan por unha cidade mellor, **por que** a cidade mellore (=para que a cidade mellore).*

Quererían diferenciados estes casos dos da conxunción causal *porque* —equivalente a *xa que, por causa de, dado que* etc. — que introduce as respostas das preguntas realizadas con *por que?* e cláusulas sobre todo causais: *Por que non viñeches antes? Porque me enredou teu irmán. Se non o mercou foi porque non lle cadraba pasar por alí.*

O substantivo *porqué* (xunto e con acento na vogal tónica) equivale a «motivo», «causa», «razón», vai acompañado dun determinante e admite plural: *Non sei o porqué ou porqués da túa negativa.*

g) A preposición *sobre, encol de* e **sobor de*

É forma incorrecta **sobor (de)*; canto a *encol de* deberemos indicar que ten un sentido espacial de superioridade e contigüidade concretos, «enriba de pero en contacto con»: *Sobre a mesa pendía unha lámpada e encol da mesa estaba aquel libro que me regalaras.* Polo tanto é imposible empregar esta locución en sentido abstracto facéndoa equivaler a *sobre*: **Vou asistir a unha conferencia encol da globalización → Vou asistir a unha conferencia sobre a globalización.*

4.1.10. Dúbidas nas conxuncións

- a) En ocasións aparece como **si*, afirmación, a conxunción condicional *se*, e viceversa. Non é difícil distinguilas: *Se me vas dicir que si, dimo xa. Si, se cadra, ou non, talvez, se che parece ben.*
- b) Outros erros frecuentes son o uso das conxuncións **mentras, *sen embargo, *anque*, que deberán substituírse por *mentres, porén/con todo/así* e *todo/no entanto* e *aínda que*.
- c) Caso especial é a forma castelá **se ben*, que deberá ser sempre substituída por *aínda que, a pesar de que* etc.

5. PROPOSTA DE EMPREGO CORRECTO DA TOPONIMIA E ONOMÁSTICA GALEGA E FORÁNEA

A proposta de emprego correcto dos topónimos responde a varias necesidades que por medio do traballo diario na Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo detectamos dentro da comunidade universitaria.

A principal destas necesidades vén dada porque non existe un criterio estable dentro da nosa comunidade lingüística que fixe o emprego de nomes propios externos ao noso ámbito, nomeadamente os topónimos, nomes propios, obras literarias e artísticas etc., que non teñen definido un sistema claro de uso.

Deste xeito, con esta proposta tentamos darlles unha resposta práctica aos problemas que se presentan dentro da nosa universidade para o emprego de nomes propios nos textos escritos na nosa lingua. Somos conscientes, por outra parte, de que non podemos resolver todos os problemas existentes verbo da tradución destes termos, independentemente da lingua de partida. Con todo, pretendemos ofrecer unha serie de pautas que poderán guiar as persoas que empreguen o galego nos seus escritos.

5.1. Toponimia galega de Galicia

Os nomes dos lugares, das parroquias, dos concellos, das comarcas e das provincias, os accidentes xeográficos (regatos, ríos, afluentes, outeiros, montes, montañas, cordilleiras, vales, rías, baías, cabos, praias, illas, cons, illotes etc.) dos límites xeográficos da actual Galicia administrativa, así como aqueles topónimos das comarcas onde se fala galego fóra da Galicia administrativa actual terán como **única forma a galega**, segundo o establecido no art. 10 da Lei de normalización lingüística de 1983 para a toponimia de Galicia e a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias para aquelas zonas onde se fale unha lingua distinta da oficial.

Para as formas dos topónimos da nosa nacionalidade histórica séguese o criterio fixado pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, recollido no *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (Xunta de Galicia 2003) e consultable agora en <http://sil.uvigo.es/> . A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia segue a traballar no estudo e fixación moderna da toponimia galega. De feito, por exemplo, proximamente verá restaurado oficialmente o seu nome correcto o Concello da Caniza.

5.2. Toponimia dos territorios extra-autonómicos de lingua galega

En 42 concellos dos occidentes de Asturias, León e Zamora, xunto co noroeste de Cáceres, a lingua autóctona é o galego, usado nestas zonas por unhas 70000 persoas. Só no estatuto de autonomía de Castela-León se recoñece o galego, pero con todo, ningún dos gobernos autonómicos de Asturias, Castela-León e Extremadura fixeron apenas nada pola toponimia destas zonas. Desde a Galicia de aquí consideramos propia a responsabilidade de nomearmos os topónimos destas áreas na súa forma galega autóctona e auténtica.

É sorprendente e contraditorio que os nosos medios de comunicación galegos empreguen *Xaén* ou *A Ríoxa* e logo continúen reproducindo **Villanueva de Oscos*, que é tanta aberración como foi no seu momento **Villanueva de Arosa*.

Por iso, co soporte legislativo que nos proporciona a Carta Europea das Linguas, que forma parte do bloque de constitucionalidad das leis españolas, recomendamos o uso en exclusiva dos topónimos destas zonas nas súas formas galegas.

Así, evitaremos sempre 'castrapizacións' como *Illano*, *Vegadeo*, *Villanueva de Oscos*, *Barjas*, *Villafranca del Bierzo*, *Vega de Valcarce*, *La Veguellina*, *Campañana*, *Vijande*, *La Teijeira*, *Pereje* etc., e no seu lugar usaremos as formas propias e correctas *Eilao*, *A Veiga*, *Vilanova de Ozcos*, *Barxas*, *Vilafranca do Bierzo*, *A Veiga do Valcarce*, *A Veigueliña*, *A Campañá*, *Vixande*, *A Teixeira*, *Perexe* etc.

A listaxe de concellos (e no seu caso parroquias de concellos) galegófonos é a seguinte:

Asturias:

Allande (parte occidental)
Boal
Castropol
Coaña
Eilao
El Franco
Grandas de Salime
Navia (parte occidental)
Pezós
San Martín de Ozcos
Santalla de Ozcos
Santiso de Abres
Sto. Antolín de Ibias
Tapia de Casarego

A Veiga

Vilanova de Ozcos
Villaión (parte occidental)

León:

Arganza
Barxas
Borrés
Cacabelos
Camponaraia
Candín
Carracedelo
Carucedo
Corullón

Oencia
Ponte de Domingos Flórez
Sobrado
Trabadelo
Veiga de Espiñareda
A Veiga do Valcarce
Valboa
Viladecais
Vilafranca do Bierzo
Fontoira (Fabeiro)
Guímara (Peranzais)
S. Pedro de Devesas
(Ponferrada)

Fontes Novas (Ponferrada)

Zamora:

Hermisende
Lubián
Pías
Porto
Calabor (Pedralba da Pradería)

Cáceres:

As Ellas
San Martiño de Trebello
Valverde do Fresno

anl

Na web da ANL (<http://anl.uvigo.es>) pódese consultar a toponimia e microtoponimia galega destas áreas: ríos, montes, praias, vales, parroquias, aldeas etc.

5.3. Toponimia non galega

No mundo dos exónimos ou topónimos alleos adaptados ou traducidos, temos que distinguir entre a toponimia maior e a menor, entre topónimos doadamente adaptables/traducibles e outros que non o son, entre topónimos con tradición adaptada en galego e topónimos recentes nunca antes adaptados.

Para os nomes dos continentes, dos estados, dos países ou nacións, das capitais, das rexións e das cidades importantes externos ao noso país (toponimia maior) séguese polo xeral o criterio de adaptación ou tradución. Como norma xeral, esta denominación ten establecida unha forma tradicional que vén indicada polo uso na nosa lingua, pero naqueles países ou estados que teñen un ámbito de uso máis restrinxido ou que son de recente formación, non se segue este criterio de tradución.

Polo xeral, existen nomes externos que xa teñen unha forma establecida en galego, como *Boloña, Alemaña, Londres, París, Moscova, Roma, Florencia, Xamaica, Estados Unidos, México, Xapón* etc. Naqueles topónimos que fan referencia a unha realidade de nova creación e/ou teñen un alfabeto diferente ao latino (cirílico, chinés, xaponés, árabe, xeorxiano, armenio etc) séguese un criterio de adaptación á grafía e á fonética galega (*Xangai, Acerbaixán, Hiróxima, Uzbequistán...*).

Outramente, a maior parte de topónimos do mundo teñen as formas das súas linguas nativas (ou de intermediación, caso do inglés, o francés, o alemán, o español ou o ruso), xa que o seu ámbito de uso é moito máis restrinxido e o seu emprego non está instaurado na nosa lingua. Naquelas formas que empregan o mesmo sistema de escrita que o galego, a denominación deixarase segundo a forma na lingua orixinal (*Newcastle, Liverpool, Melbourne, Auckland, Vietnam,...*); naqueloutras en que se emprega un sistema de escrita diferente, o exónimo adaptarase, como no caso anterior, á grafía latina e á nosa fonética (*Novosibirisk, Hanoi, Beixín, Buiumbura,...*).

A toponimia foránea é un tema complexo que non ten unha proposta estable na nosa lingua nin nas linguas veciñas. Cómpre dicir que aínda que nas denominacións dos países e dos estados normalmente se produce unha tradución literal ao galego (*Estados Unidos, Papúa-Nova Guinea, Emiratos Árabes Unidos, República Democrática do Congo, República Surafricana, Antiga e Barbuda* etc), algo que ás veces tamén ocorre nas denominacións dalgunhas cidades importantes (*Bos Aires,*

Nova York, Cidade do Cabo —aínda que tamén *Capetón*—, *Antuerpe* – e tamén *Amberes*-), naqueles topónimos que non teñen un emprego habitual ou a súa frecuencia de uso na nosa lingua é menor, nunca se debe facer este tipo de tradución literal e, daquela, empregárase o nome segundo as características que describimos anteriormente. Entón empregaremos *Newcastle* (e non *Novocastelo), *Pearl Harbour* (e non *Porto Perla), *Beogrado* (e non *Cidade Branca) seguindo a tradición que se instaurou na nosa lingua.

Canto aos accidentes xeográficos de calquera tipo temos tamén que distinguir, como fixemos anteriormente, entre os de maior frecuencia de uso e outros de aparición menos recorrente. Entre os primeiros, en que se inclúen os nomes de continentes, océanos, mares, ríos importantes, cordilleiras, penínsulas pódese adoptar o criterio de tradución do nome específico (*Mar Morto, Río Amarelo, a península do Iucatán...*) sempre que haxa unha tradición de uso. Pola súa banda, no resto dos casos, empregárase a forma orixinaria. De todas as formas, se o exónimo vai acompañado do seu nome xenérico (río, outeiro, montaña, chaira, cordilleira...) este terá a tradución ao galego se non forma parte do topónimo e irá escrito en minúscula (o río *Rhin*,...), mais se forma parte do topónimo este non se traduce (*Mont Blanc, Montserrat, Long Island*,...). En xeral, o criterio que se debe seguir canto aos accidentes xeográficos será o que expuxemos anteriormente para os nomes de entidades de poboación. Deste xeito, existe tamén unha serie de denominacións xa instauradas no galego e outras que deben adaptarse á nosa fonética e grafía.

5.3.1. Toponimia do estado español

Salvada a toponimia portuguesa, respectable e non adaptable, verbo dos nomes de lugar que fan referencia ao estado español seguiremos os criterios que se estableceron para a toponimia foránea. Algúns dos nomes das comunidades autónomas, as súas capitais e algunhas cidades importantes teñen forma galega (consultable en <http://anl.uvigo.es>), como por exemplo *Estremadura*, a *Comunidade Valenciana*, as *Illas Baleares*, as *Illas Canarias*, *Castela e León* etc.

Normalmente recomendamos respectar o topónimo na súa lingua orixinal, algo que sucede habitualmente cos topónimos maiores ou os máis coñecidos: *Valladolid*, *Guadalajara*, *Huelva*, *Las Palmas*, *La Rioja*, *Barajas*, *Aranjuez* etc.

Agora ben, hai algúns topónimos da franxa occidental peninsular que tiñan versión galega na nosa documentación medieval, por formaren parte nalgún tempo do Reino de Galicia. Da mesma maneira que lle damos prioridade a formas como *Castela* ou *Estremadura*, propomos a

restitución de: *Coira* (Coria), *Ovedo* (Oviedo), *A Cidade* (Ciudad Rodrigo), *Badallouce* (e non Badaxoz nin Badajoz), *Pobra de Seabra* (Puebla de Sanabria), *lago de Seabra* (lago de Sanabria), *río Teira* (río Tera) etc.

Pola contra, nas denominacións de lugares cunha frecuencia de uso máis restrita ou que designan entidades de poboación menores (ciudades con menos poboación, vilas etc) respectarase a súa forma orixinaria e nunca se traducirán ou adaptarán os nomes (*Jerez de los Caballeros*, *Villanueva de la Serena*, *Don Benito*, *Puertollano*, *Almendralejo* etc.).

Por respectarmos en principio a lingua de partida, os topónimos vascos terán un dobre tratamento: se a forma vasca autóctona é similar á “versión” difundida a través do castelán, ou é ben coñecida por diversos motivos, recomendamos o uso en exclusiva desa forma vasca autóctona: *Bilbo*, *Donosti*, *Zarautz*, *Etxarri*, *Getxo*, *Araba*, *Guardia* etc. Se a forma vasca difire sensiblemente e non é moi coñecida, recomendamos o uso bilingüe do topónimo pondo en primeiro lugar a forma vasca: *Arrasate/Mondragón*, *Gazteiz/Vitoria*, etc.

Verbo dos topónimos das terras doutras linguas románicas peninsulares, recomendamos respectalos na súa forma orixinal por seren doadamente recoñecibles a respecto das súas formas alteradas coñecidas ata agora: *Xátiva*, *Elx*, *Eivissa*, *Girona*, *Perpinyá*, *L'Alguer*, *Xixón*, *Chaca*, *Llangreu*, *Alacant*, *Castelló*, *El Prat* etc.

5.3.2. Toponimia en linguas europeas menos estendidas

Normalmente coñecemos os topónimos europeos das linguas menos estendidas ou non oficiais dun estado a partir das versións das linguas estatais e internacionais (*Leeuwarden*, *Cagliari*, *Toulouse*, *Dublín*, *Chur*, *Lorient*...) posto que as formas orixinais son pouco coñecidas en cadansúas linguas orixinais e autóctonas fóra dos seus territorios ou incluso non recoñecidas oficialmente polos estados: *Ljouwert* en frisón, *Casteddu* en sardo, *Tolosa* en occitano, *Baile Átha Cliat* en irlandés, *Coira* en romanche suízo, *An Oriant* en bretón etc.

Como fórmula politicamente correcta, se coñecemos o topónimo na súa lingua orixinal, recomendamos escribir o topónimo en bilingüe pondo en primeiro lugar a forma autóctona e auténtica, e en segundo lugar a “versión internacional” máis coñecida: *Ljouwert/Leeuwarden*, *Casteddu/Cagliari*, *Tolosa/Toulouse*, *Baile Átha Cliat/Dublín*, *Coira/Chur*, *An Oriant/Lorient* etc. Na páxina da ANL (<http://anl.uvigo.es>) iremos pondo a disposición da xente interesada a relación dos principais

topónimos das zonas bilingües de Europa nas dúas linguas, a autóctona e a estatal.

5.4. Nomes e apelidos

Os nomes propios das persoas, así como os seus apelidos, mantéñense na lingua en que veña escrito (*Gaizka, Elisabeth, Josep, Juan, Jules, Anne...*), e respectarase tanto a súa grafía como a súa acentuación. Só se a persoa así o manifesta ou se así aparece escrito, empregarase a grafía e a acentuación propia galega (en nomes como *Afonso, Ánxela, Breixo, Henrique, Helena, Sabela, Xurxo, Xosé, Xulia, Xoaquín...*).

Pola súa banda, cando os nomes e apelidos que achamos no texto aparecen escritos ou proceden dun ámbito lingüístico en que non se emprega o alfabeto latino, deberase proceder á adaptación gráfica deste nome, intentando reproducir foneticamente a pronuncia do nome da lingua de partida:

Boris Ielsin, Ben Laden, Saddam Husein, Anton Chékhov, Hristo Stoítchkov, Mao Zedong, Mihail Gorbachov, Slobodan Milóxevich...

No caso das personaxes públicas ou históricas, seguiranse as transcricións e as adaptacións que estean en vigor e que teñan un certo uso no noso idioma.

En resumo: os nomes de persoas deixaranse na súa forma orixinaria agás aqueles casos en que procedan dun idioma cunha escrita diferente á latina que se adaptarán á nosa escrita. Con todo, isto non se cumpre para o nome das personaxes históricas, literarias e mitolóxicas, xa que teñen unha forma específica en cada lingua. Nestes casos, séguese o criterio de tradución:

Alexandre Magno, Carrapuchiña vermella, Xúpiter...

6. BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA POLA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *Lingua galega. Criterios lingüísticos*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2003.
- *Lingua galega. Dúbdas lingüísticas*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2004.
- DOSIL LÓPEZ, B. e X. RIVEIRO COSTA: *Diccionario de ortografía da lingua galega*, A Coruña: Galinova Editorial, 2004.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (coord.): *Manual de estilo de El Correo Gallego*, Santiago de Compostela: O Correo Galego, 2001.
- GONZÁLEZ REI, B.: *Ortografía da lingua galega*, A Coruña: Galinova Editorial 2004.
- HERMIDA GULÍAS, C.: *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2004.
- RICO VEREA, M. (COORD.): *Curso de linguaxe administrativa*, Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2006.
- MARTÍNEZ DE SOUSA, J.: *Ortografía y ortotipografía del español actual*, Xixón: Ediciones Trea, 2004.
- PUJOL, J. M. e J. SOLÀ: *Ortotipografía: manual de l'autor, l'autoeditor i el dissenyador gràfic*, 2.ª ed. rev., Barcelona: Columna, 1995.
- REAL ACADEMIA GALEGA-INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela-A Coruña: ILG-RAG, 2003. Versión dixital en: <http://www.realacademiagallega.org>
- SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: *Criterios para o uso da lingua*, A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2006.
- *Sobre a calidade da nosa lingua*, A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2006.
- VIDAL BARRAL, N. (coord.): *Curso de actualización da lingua e linguaxe administrativa galegas*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 2005.